


A CAMELIA



Materiais e recursos didácticos

Coordinación Xeral do Programa
Ivan García García

**Coordinación pedagóxica de
materiais e recursos didácticos**
Xesús Rodríguez Rodríguez

Equipo redactor:
Material de Consulta e Lectura: Montse de la Fuente Fernández
Proposta de actividades: Patricia A. Fernández García

Corrección Lingüística
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vedra

Edita: Concello de Vedra

ISBN: 978-84-690-4278-6
Dep. Legal: C-498-2007

Maquetación: J. M. Gairí

Imprime: Litor

A Camelia

Introdución

A Camelia é unha das flores do inverno máis apreciadas e de características moi diversas que enfeitiza coa beleza das súas flores a canta xente camiña preto delas. Unha flor que luce nos pazos, nas rúas, nas casas grandes... do Concello de Vedra pero sen esquecerse de que está cultivada e estendida por esta zona pola comunidade vedrés.

A súa tipoloxía, as súas características, a súa variedade de cores, formas e tamaños, a súa historia, as súas aplicacións... fan da Camelia unha flor tan singular coma interesante.

Un dos concellos galegos no que se cultivan moitas variedades de camelias é o Concello de Vedra que debido á súa situación xeográfica, ás súas condicións climatolóxicas, ou á mestura de ámbolos dous aspectos, axudan ao desenvolvemento de moitos dos tipos de Camelias existentes na actualidade.

Dende a súa chegada a Vedra no S.XVIII, a camelia tense convertido nunha flor e nunha planta identificativa do Concello, que reflicte o devir do tempo no seus troncos, algúns xa de 600 anos coma o que existe no Pazo de Vista Alegre, e a frescura das súa flores, coma as do Pazo de Sta. Cruz de Ribadulla galardoadas en infinitas ocasións.

Cando unha semente de camelia xermina no Concello de Vedra, unha nova planta comeza o seu crecemento, unha nova ilusión xorde para ver a súa cor ou a súa forma, comezando unha pequena transmisión de coñecementos que vai de pais a fillos. Por iso falar de Camelia non é soamente falar dunha planta ou dunha flor, é falar de tradicións, de historias, de festas, de celebracións... falar das vidas de persoas que durante anos levan cultivando esta planta. Cada día faise máis patente a relación da poboación vedrense coa camelia.

Este material didáctico sobre a camelia formúlase coma un achegamento a unha planta moi coñecida nuns aspectos pero, ao mesmo tempo, gran descoñecida noutros. Saber a súa historia, a súa utilización, a súa tipoloxía, o que lles transmite ós vedrenses..., en definitiva, coñecela é unha forma de aprender a valorala e a respectala. O uso das camelias ten consecuencias medioambientais, culturais e económicas que coidamos poder descubrir mediante as actividades propostas.

Dentro desta proposta didáctica aparecen ben diferenciadas dúas partes: unha primeira na que se formula todo o material de consulta e lectura necesario para contextualiza-la camelia, é unha segunda parte na que aparece unha proposta de actividades a desenvolver para coñecer polo miúdo as características e particularidades da camelia.

| | |
|---|-----------|
| Material de consulta e lectura | 7 |
| A camelia e a natureza | 9 |
| 1. Historia da camelia ata a chegada ao Concello de Vedra | 9 |
| 2. Partes da camelia | 11 |
| 3. Morfoloxía da camelia | 12 |
| 4. Ciclo biolóxico da camelia | 19 |
| 5. Hibridación e polinización | 20 |
| 6. Condicións de cultivo | 21 |
| A camelia e as xentes | 22 |
| Influencia da camelia nos habitantes do concello | 22 |
| 1. Camelia.....flor das xentes | 22 |
| 2. Camelia.....flor dos pazos | 23 |
| 3. Camelia..... flor de festas e exposicións | 24 |
| Proposta de actividades | 25 |
| Introdución | 27 |
| Obxectivos xerais | 28 |
| Contidos | 29 |
| Destinatarios | 30 |
| Metodoloxía | 31 |
| Temporalización | 32 |
| Avaliación | 33 |
| Actividades | 34 |
| Índice de Actividades | 35 |
| 1. A camelia e a natureza | 36 |
| 2. A camelia e as xentes | 59 |
| Solucións | 89 |
| Bibliografía | 92 |

A Camelia

Material de consulta e lectura



A Camelia e a Natureza

1. Historia da camelia ata a súa chegada ó Concello de Vedra

O nome de **camelia** débese ao naturalista Linneo que quixo honra-lo labor que durante anos realizou o padre xesuíta Jorge Kamel sobre a flora e a fauna das illas Filipinas. O nome de camelia é unha homenaxe póstuma a este xesuíta que non tivo nada que ver co descubrimento nin coa introdución da planta en Europa.

Coñecemos a camelia como planta ornamental, pero a maior parte das especies do xénero non teñen valor ornamental senón que son cultivadas como plantas produtoras da infusión do té, como produtoras de aceite para cocinar e para a cosmética ou para obter da súa madeira un carbón vexetal de excelente calidade.

O xénero *Camellia* é nativo de Asia Oriental, así o 90% das máis de 200 especies coñecidas actualmente teñen a súa orixe en China, Corea, Illas Formosa, Vietnam, Laos, Camboxa, Tailandia, Myanmar (Birmania), Bután e Nepal.

MAPA DE DISTRIBUCIÓN NATURAL DO XÉNERO camelia



Os navegantes europeos de finais do século XVI trouxéronnos as primeiras referencias da bebida do té e das magníficas flores que cubrían os xardíns asiáticos. Os navegantes desta época desempeñaban labores de investigación, xa que realizaban descrições da flora e fauna dos países que visitaban. Desta maneira despertaron o interese dos europeos por introducir e propagar estas plantas en Europa.

Algunhas trouxéronas capitáns de barcos da Compañía de Indias, outras buscadores de plantas como Robert Fortune e mesmo misioneiros.

Inglaterra foi o país europeo que difundiu o seu cultivo a Francia, Bélxica, Italia ou Alemaña, aínda que parece ser que a Portugal chegaron as camelias incluso antes que a Inglaterra. Chegaron por vía diferente, traídas polos seus navegantes e desde aquí difundíronse a España e máis concretamente a Galicia.

Queda constancia da presenza da camelia nos xardíns galegos desde principios de 1800 grazas a escritos como os de Colmeiro, Xosé Castro Pita e Emilia Pardo Bazán. Tamén a atopamos nun catálogo da exposición Agrícola, Industrial e Artística celebrada en xullo de 1858 en Santiago de Compostela, na que apareceron dous expositores que presentaron camelias.

Pero a proba irrefutable de que a camelia leva moitos anos asentada nestas terras é que no Pazo de Oca, no noso veciño concello da Estrada, existe un exemplar de *C. reticulata* nos seus xardíns que é considerada unha das plantas máis antigas desta especie en Europa.

Galicia en Xeral e as terras de Vedra e da Ulla en particular, polas súas condicións climáticas e edafolóxicas é, xunto co Norte de Portugal, un lugar excelente para o crecemento desta planta... Aquí conseguimos cultivar con bastante facilidade exemplares de *C. reticulata* que noutros lugares de Europa é necesario cultivar en invernadoiro.

As variedades máis abundantes e representativas en Galicia son a *C. xapónica*, *C. reticulata*, e *C. sasanqua*.



Xapónica



Reticulata



Sasanqua

2. Partes da camelia


As Camelias compóñense de diversas partes pero hai algunhas que son básicas. Entre as partes principais da flor está a parte masculina chamada **estame** e a parte feminina chamada **pistilo**.

O estame ten dúas partes: **antera** e **filamento**. As anteras levan o pole, que polo normal é de cor amarela. As anteras están sostidas por uns fíos chamados filamentos.

O pistilo está dividido en tres partes: **estigma**, **estilo** e **ovario**. O estigma é unha superficie pegañosa na parte superior do pistilo que atrapa e sostén o pole. O estilo ten a forma dun tubo que sostén o estigma, e conduce o pole cara abaixo onde está o **ovario** que contén os óvulos.

Outras partes da flor que son importantes son os **pétalos** e os **sépalos**. Os pétalos forman a parte máis atractiva da planta, atraen os polinizadores e xeralmente son a razón pola que compramos e gozamos das flores. Os sépalos son coma pétalos verdes que están na base da flor e axudan a protexer a flor cando comeza a saír.

1. Estigma
2. Estilo
3. Ovario
4. Óvulo
5. Pistilo
6. Antera
7. Filamento
8. Estame
9. Pétalo
10. Sépalo
11. Receptáculo



As flores poden ter só as partes masculinas ou só as femininas, neste caso chamaríanse **imperfectas**. A flor da camelia ten partes masculinas e partes femininas, é unha flor **perfecta**.

3. Morfoloxía da camelia

O xénero está formado por máis de duascenas especies, entre as que destaca a “camelia xapónica” que é a que dou lugar á maioría das variedades de xardín que existen hoxe en Galicia. Tamén están presentes, aínda que en menor número, a “camelia sasanqua” e a “camelia reticulata”. Todas estas especies son árbores ou arbustos de folla perenne, opostas e lustrosas.

A “camelia saluenensis” e a “camelia oleifera”, son outras especies que teñen importancia para a formación de híbridos pero non son moi coñecidas nestas terras.

Entre as múltiples variedades de camelias, só cerca de cincuenta teñen olor, e en algunhas é tan sutil e delicado que hai que prestar moita atención para apreciálo.

Camelia xapónica

Sen dúbida é a máis difundida e coñecida, e ata hai pouco a única que facilmente podiamos adquirir nos viveiros. É a especie máis cultivada nos xardíns galegos dende o século XVIII, xa que se desenvolve moi ben nos climas temperados e húmidos sobre solos ácidos e con abundante materia orgánica.

A **planta** mide entre 5 e 10 metros de altura, é de crecemento lento, e ten a copa moi ramificada. As ramas son dunha cor grisácea e os ramiños pardo-amarela.

As **follas** son pecioladas e ovais, entre 5 e 8 cm de lonxitude, de cor verde escura e un envés máis pálido, son grosas e teñen o bordo algo serrado. As **flores** son terminais, solitarias ou en parellas. Nas plantas “bravas” teñen entre 5 e 7 pétalos vermellos soldados na base, pero nas máis de 2000 variedades evolucionadas a partir desta, o número de pétalos pode ser moi superior. A cor varía entre o branco e o vermello, e o tamaño da flor pode chegar aos 10 cm de diámetro. Os filamentos dos estames sóldanse formando un tubo.

As súas múltiples variedades cobren un período dilatado de floración que abarca desde outono ata finais da primavera.



Camelia sasanqua

A “camelia sasanqua” é máis pequena cá anterior, con follas miúdas, sinxelas e olorosas flores, florece antes que a “xapónica” xa que o fai en outono. A verba “sasanqua” é considerada unha variación fonética das verbas chinesas que significan “Mantan Tea Flower”, así chamada por usarse para aromatizar o té, demostrando que é apreciada dende tempos moi antigos. A **planta** pode alcanzar os 6 metros de altura, a cortiza do tronco é lisa e de cor gris. Os ramiños son estriados, de cor amarela ou pardo-vermella.

As **follas** oscilan entre os 3 e os 5 cm de lonxitude, e teñen un pecíolo máis curto cá anterior. A súa forma é elíptica e teñen o bordo serrado.

As **flores** teñen entre 5 e 7 cm de diámetro, son olorosas e normalmente terminais e solitarias. Poden ser simples, con 6- 8 pétalos libres (non unidos entre si), dobres ou semi-dobres. Os pétalos son ondulados, a súa cor varía entre o branco e o rosado intenso.



Camelia reticulata

A “camelia reticulata” aínda que na súa xuventude é máis pequena cá “xapónica”, cos anos alcanza unha maior altura. As súas follas son máis afiadas, serradas e dun verde máis claro que na “xapónica”. Ten grandes e fermosas flores de pétalos ondulados.







A **planta** pode acadar ata os 10 metros de altura, é de crecemento aberto e medra ben en Galicia como planta de exterior. As ramas son de cor pardo-grisácea.

As **follas** son elíptico-lanceoladas, acuminadas, coa marxe serrada. Son grandes, miden entre 8 e 11 cm de lonxitude e entre 2,5 e 5,6 de ancho, de cor verde escura e máis claras no envés.














As **flores** son grandes e solitarias, de ata 16 cm. de diámetro. As flores simples levan entre 5 e 7 pétalos e as máis complexas posúen numerosos pétalos. Nas variedades de flor sinxela os pétalos son máis pequenos, están soldados aos estames e soen ser de cor rosada. Florece a finais do inverno.

A camelia clasifícase segundo a especie á que pertence, pero cando nos referimos a esta planta falamos dunha serie de aspectos que nos din como é a planta e a súa flor. Así, as flores clasifícanse pola súa forma, tamaño e olor; os pétalos pola forma, marxe e cor,... Nos seguintes cadros temos un resumo da forma de clasificar a camelia.











| FLORES | | | |
|--------|-----------------------------------|--|---|
| | CLASES | DESCRIPCION | EXEMPLOS |
| FORMA | Simples | Unha fila de 5 a 7 pétalos (menos de 8) rodeando un círculo central de estames |  |
| | Semidobres | Dúas ou máis filas de pétalos (máis de 8) rodeando un círculo central de estames |  |
| | Forma anémona | Centro globular formado por estames e petaloides rodeado dunha ou máis filas de pétalos externos. |  |
| | Forma peonía | Flor totalmente globosa con mestura de pétalos irregulares, petaloides e estames. |  |
| | Dobre incompleta ou forma de rosa | Numerosas filas de pétalos perfectamente imbricados , non se ven os estames aínda que estea totalmente aberta. |  |
| | Dobre completa formal | Igual cá anterior , pero os seus pétalos non están perfectamente imbricados. |  |
| TAMAÑO | Moi grandes | Máis de 12,5 cm de diámetro | |
| | Grandes | Entre 10 e 12,5 cm de diámetro | |
| | Medianas | Entre 7,5 e 10 cm de diámetro | |
| | Pequenas | Menos de 7,5 cm de diámetro | |
| OLOR | SI | | |
| | NON | | |








Fonte: La Camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra, 2004.

| PÉTALOS | | |
|---------|-------------------------|---|
| | CLASES | EXEMPLOS |
| FORMA | Normal |  |
| | Oval |  |
| | Elíptico |  |
| | Acuminado |  |
| | Irregular |  |
| MARXE | Liso |  |
| | Inciso nun punto |  |
| | Inciso en varios puntos |  |
| | Escotado |  |
| | Ondulado |  |
| | Fimbriado |  |
| | Cóncavo |  |
| | Convexo |  |






Fonte: La Camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra, 2004.

| PETALOS (continuación) | | | |
|------------------------|---------------|-------------------------|---|
| | | CLASES | EXEMPLOS |
| COR | Distribución | Raiado |  |
| | | Manchado |  |
| | | Venado |  |
| | | Punteado |  |
| | Homoxeneidade | Homoxéneo |  |
| | | Difuminado cara a base |  |
| | | Difuminado cara o ápice |  |
| | | Marxinado |  |

Fonte: La Camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra, 2004.

| FOLLAS | | |
|--------|----------------------|---|
| | CLASES | EXEMPLOS |
| FORMA | Lanceolada |  |
| | Elíptica |  |
| | Oval |  |
| | Redondeada |  |
| MARXE | Serrada |  |
| | Dentada |  |
| | Lixeiramente dentada |  |

Fonte: La Camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra, 2004.

| FOLLAS (continuación) | | |
|-----------------------|--|---|
| | CLASES | EXEMPLOS |
| APICE | Redondeado |  |
| | Acuminado |  |
| | Apuntado |  |
| | Agudo |  |
| COR |  | |

Fonte: La Camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra, 2004.

4. Ciclo biolóxico da camelia

A flor da Camelia é **hermafrodita** ou **bisexual**, é dicir, na mesma flor coexisten as estruturas masculinas (estames que producen pole) e as femininas (pistilo que produce óvulos); pero ademais é autofértil, é dicir que pode fecundarse a si mesma.

A **polinización** ten lugar cando o pole maduro alcanza o estigma do pistilo e xermina uníndose o óvulo, que unha vez fertilizado medrará formando a sémola. As estruturas da flor dan lugar ó froito que no caso da camelia ten forma de cápsula de tamaño grande con 2 ou 4 sementes no seu interior.

A polinización entón, é o transporte do pole desde a antera ata o estigma. As anteras do estame ábrese cando están maduras e os grans de pole transpórtanse polo efecto do vento, da auga, dos insectos (abellas) ou das aves pequenas.

Os grans de pole, por ser lixeiros, poden ser transportados a distancias considerables polo vento. Só algúns grans chegan ós estigmas das flores da mesma especie, xa que moitos pérdense no traslado.

Existen tres tipos de polinización:

- **Polinización directa:** é o transporte do pole desde a antera ao estigma da mesma flor, isto coñécese como autopolinización.
- **Polinización cruzada ou indirecta:** dáse cando o gran de pole dunha flor é transportado polo vento, auga, insectos e aves pequenas ao estigma doutra flor da mesma especie.
- **Polinización artificial, manual ou hibridación:** realizada pola man dun especialista con fins de mellora-la calidade do froito.



En condicións normais, o pole é transportado polo vento, por abellas ou por outros insectos. Esta operación que de maneira natural realizan as abellas, pode ser realizada de maneira controlada polo home (polinización manual ou hibridación)

5. Hibridación e polinización

A forma dalgunha camelia mudou moito ao longo do tempo, ata o punto de que existen variedades que só conservan as características básicas da especie.

Desde que a camelia se empezou a cultivar en Europa loitouse por melloralala xeneticamente. En principio só se buscaba mellora-la súa resistencia ó frío ou mellorar as súas condicións de cultivo no exterior. Despois empezáronse a cambiar a forma e a cor das súas flores, desta maneira xorden os **híbridos** e as formas intermedias.

Existen tres niveis de hibridación:

Intraespecífica: cruce entre 2 plantas da mesma especie.

Exemplo: *C. xapónica* X *C. xapónica* = *C. xapónica*

Interespecífica: cruce entre 2 plantas de especies diferentes.

Exemplo: *C. xapónica* X *C. saluenensis* = Híbrido

Interxenérica: cruce entre 2 plantas de dous xéneros distintos pero relacionados.

Exemplo: camelia X *tutcheria* = Híbrido (son híbridos pouco frecuentes)

Todas as hibridacións se realizan con algún dos seguintes fins:

- Resistencia ao frío
- Produción de novas cores (especialmente azul e amarela)
- Estabilidade da cor
- Variacións da follaxe, do porte e do aspecto das plantas
- Fragrancia das camelias
- Plantas que se propagan con facilidade
- Resistencia a pragas e enfermidades

6. Condicións de cultivo

Os solos de Galicia son os idóneos para o cultivo da camelia, xa que cumpren as condicións óptimas.

A Camelia é unha árbore de crecemento lento que florece en climas temperados, con moita humidade e chuvia abundante. Medra mellor á sombra e ó abrigo doutras árbores máis altas que a protexan do sol e do vento. Ademais, o frío intensifica a súa cor e mellora a calidade da flor.

O solo natural de Vedra é o ideal para o cultivo da Camelia, xa que cumpre tódolos requisitos:

É un solo que ten gran cantidade de humus (materia orgánica en descomposición). Isto confírelle ó solo unha estrutura porosa e lixeira con gran capacidade de retención da humidade e un pH ácido propio da Camelia. Ademais, é un solo con moita capacidade de drenaxe, é dicir, a auga e o aire que circula polos seus poros movese libremente e non queda atrapada producindo o encharcamento, o que tamén favorece a absorción de nutrientes.

Se o solo no que se planta a Camelia non reúne estas condicións pódense efectuar correccións químicas como engadir materia orgánica, nutrientes ácidos, micronutrientes,... Non obstante, o máis aconsellable é elixir o lugar máis adecuado que se aproxime ás condicións idóneas de Camelia.

O primeiro que se debe ter en conta á hora de plantar unha camelia é a selección da planta. É preferible unha planta máis pequena xa que será máis resistente ante posibles erros de cultivo.

No momento de elixila débese observar se ten as follas verdes satinadas, se é unha planta vigorosa e ben ramificada, se está ben regada e se está enraizada nun substrato adecuado.

A mellor época para o seu transplante é entre outubro e marzo, que aínda que é a época da floración, tamén é cando a planta fai a súa parada vexetativa. Se a zona na que se transplanta é calorosa, é mellor transplantar en outono; e se é máis ben fría entón é preferible a primavera.

A Camelia e as xentes

1. A influencia da camelia nos habitantes do concello

A Cameliaflor das xentes

Galicia é unha das zonas máis verdes do Estado. Entre o millar de aspectos que poden definir a nosa terra, de seguro que a vexetación é un dos que máis a define. Debido a isto, a paixón e o apego á terra que sentimos os galegos e os habitantes de Vedra, é algo que se manifesta na nosa horta e no noso xardín.

Vedra e os seus arredores son un bo exemplo da paisaxe e da fermosura do verde de Galicia. O noso clima e as condicións de temperatura e humidade das que desfrutamos, fan posible non só a abundancia de especies endóxenas, senón que tamén propician a produción de outras foráneas, coma a camelia, que a nosa terra adopta como propias.



En Vedra sempre existiu unha gran tradición no cultivo da camelia.

O clima en Galicia obriga a axeitar os xardíns ás condicións climáticas nas que vivimos. Aquí os invernos acostuman a ser máis longos que as primaveras, e hai poucas plantas autóctonas que florezan nos meses de inverno. Desta forma, conseguiu consolidarse a camelia como flor por excelencia do inverno galego, ademais de polo gran número de satisfaccións que ofrece ao seu coidador. Dende o final do verán ata a primavera hai especies de camelia con flor.

Ademais das gratificacións que ofrece o ciclo biolóxico desta planta, temos que resaltar os poucos, ou case inexistentes, coidados que lles hai que aplicar. Así, se contamos con un bo solo, unha temperatura e humidade axeitada e sombra, gozaremos desta planta case que todo o ano. Contando con todo o que ofrece e o pouco que pide, non é de estrañar que esta planta namore a todo o mundo.

En Vedra, ao tempo que o cultivo da camelia se difundiu entre os pazos e casas señoriais, tamén pasou a formar parte dos xardíns e da vida de tódalas casas do concello. É moi complicado poñerlle data exacta á aparición da camelia nos nosos xardíns, pero si que podemos resaltar o incremento do seu cultivo na última metade do século XX.

Cameliaflor dos pazos

Difíciles de obter pola súa orixe, durante o século XIX foron plantas de xardíns de Pazos e Casas Señoriais da nobreza galega, onde aínda hoxe atopamos numerosas especies antigas, pero pouco a pouco, sobre todo na segunda metade do século XX, pasaron a formar parte de tódolos xardíns e fincas, tanto públicas como privadas, de toda a xeografía galega. Por isto pódese dicir que a camelia forma parte do patrimonio histórico e botánico da xardinería galega.

Vedra tamén é unha terra de pazos e casas señoriais. Aquí atoparon un lugar para o lecer e o descanso varias familias da nobreza compostelá que estableceron a súa residencia. Contamos, entre outros co pazo de Ximonde, o pazo de Vista Alegre e o pazo de Ortigueira. Todos eles contan nos seus xardíns con especies de séculos anteriores que nos ofrecen unha idea do representativo que é a Camelia nos mesmos.

Destaca en importancia o xardín do pazo de Ortigueira. Este é para moitos o espazo botánico ornamental máis fascinante de Galicia, polo seu contido florístico e o seu valor paisaxístico. Foi enriquecido no século XIX por don Juan Armada, coñecido como “o tío Iván”, quen aumentou considerablemente a colección de plantas especialmente as camelias. Pódese dicir que o máis importante da propiedade é o conxunto de árbores monumentais que reúne, entre os que podemos destacar os paseos de camelias e de oliveiras.



Cameliaflor de festas e exposicións

Ante a importancia cultural e social que ten en Vedra a planta e a flor da camelia, xorde a necesidade en torno ao ano 96 de celebrar as *Xornadas arredor da Camelia*, co fin de promocionar esta planta tan arraigada e querida nestas terras.

Estas xornadas son organizadas pola Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla dende o ano 1999, en colaboración co concello de Vedra, co fin de dinamizar tódalas actividades relacionadas con esta árbore na nosa comarca.

Durante estas xornadas lévase a cabo un concurso-exposición no que participan as 12 parroquias do Concello de Vedra, xunto coas asociacións que o desexen. Préstase unha especial atención a este aspecto, xa que se pretende dinamizar ao maior número de persoas e asociacións posibles neste evento.

Durante estas xornadas tamén se desenvolve un concurso de flor, no que tódalas persoas interesadas poden expoñer a flor que consideren mellor de entre as que posúen. As tres mellores, a xuízo dun xurado, reciben unha distinción.

En Galicia e o norte de Portugal existen varias exposicións deste tipo, que pretenden exaltar o cultivo e uso desta planta. Cada unha destas festas ou exposicións ten a súa marca propia que a diferencia das demais. Todas elas co paso do tempo lograron un prestixio de recoñecemento internacional.

Inauguración Xornadas arredor da Camelia 2005



*Composición gañadora
(Parroquia de A Ponte Ulla)*

A Camelia

Proposta de actividades



Introdución

A Camelia é unha flor que nace no inverno e que co frío faise mais forte, aviva a súa cor, fortalece as súas raíces...; é unha planta que viaxou por medio mundo e que atopou un dos seus fogares nas Terras do Ulla, en particular no Concello de Vedra, lugar onde as súas características e propiedades a destacan e fan dela unha flor querida e apreciada por moitos.

Foi e será, a base de numerosas historias contadas por grandes escritores, de moitas poesías que exaltan a súa beleza e a súa forma, de moitas festas e exposicións que aumentan a súa sona e a súa importancia na zona, unha sinal identificativa de quen a cultiva e coida e sobre todo unha planta que produce naqueles que a ven unha chea de sentimentos e recordos dalgún momento da súa vida.

Pero todo ese sentimento, esa forma de cultivo, esas características... estanse esquecendo, estanse perdendo. Para que isto non aconteza é importante transmitir a sabedoría popular, as diferentes formas de coidado, cultivo e trato aos mais novos, a aqueles que son o futuro das comunidades e dos habitantes dos pobos. Polo que neste material propoñemos unha serie de actividades que a explican, a resaltan de entre as demais flores, que analizan as súas propiedades e que ensinan, en definitiva, as particularidades dunha planta que nace, medra e reproducése nas terras da Ulla e que é unha sinal identificativa da súa comunidade

Obxectivos

- Promover un achegamento ós valores naturais da flora do Concello e a súa relación coa cultura da zona.
- Esperta-lo interese e coñecemento pola Camelia.
- Coñece-la historia e o percorrido da planta da Camelia ata chegar a Galicia e Vedra.
- Recoñecer as características e a morfoloxía da Camelia así como as súas aplicacións e funcións.
- Adquirir os coñecementos básicos necesarios para diferenciar os tipos máis comúns de camelias.
- Coñecer a relación que os veciños de Vedra tiveron e teñen coa Camelia.
- Aprecia-la utilidade da Camelia para o home.
- Observa-la relación entre o estudo e o cultivo da Camelia e o seu estado no Concello.
- Favorece-lo contacto coa natureza e o estudo da mesma.
- Fomenta- la participación na conservación e mellora do ambiente máis próximo.

Contidos

* Conceptuais

- Historia da Camelia.
- Partes da Camelia.
- Morfoloxía da Camelia.
- Tipoloxía da Camelia.
- Ciclo biolóxico da Camelia.
- Hibridación e polinización da Camelia.
- Formas de cultivo da Camelia.
- Cultivos da Camelia en Vedra.
- Usos da Camelia.
- As tradicións ao redor da Camelia.
- Uso festivo da Camelia.
- Uso económico da Camelia.
- Uso ornamentístico da Camelia.

* Procedementais

- Achegamento dos participantes ao ambiente natural onde o cultivo da Camelia é óptimo.
- Uso de técnicas de recollida e tratamento de datos de diferentes fontes. Análise de datos, consulta de información, elaboración de fichas...
- Coñecemento das técnicas de observación, cultivo, plantación...da camelia.
- Manexo dalgún dos aparellos do laboratorio.
- Achegamento ás tradicións e historia do Concello de Vedra.
- Coñecemento dos principais tipos de camelia existentes na zona.
- Fomento da capacidade de organización, creatividade e dinamización.
- Fomento da aprendizaxe entre iguais (Interdependencia positiva).

* Actitudinais

- Fomenta-lo respecto cara a natureza en xeral, e en particular cara a Camelia, recoñecendo o seu valor ecolóxico, vital, económico, ornamental...
- Espertar nos participantes a curiosidade pola tradición da camelia no seu Concello.
- Estimula-la participación e implicación dos participantes.
- Adquirir conciencia da importancia das plantas na nosa vida e dos efectos que poden ter as nosas accións cando non existe un coidado e un respecto pola natureza.
- Fomenta-la cooperación e colaboración, respectando os diferentes puntos de vista no traballo en grupo, valorando as aportacións individuais e desenvolvendo actitudes tolerantes, democráticas e non sexistas.

Destinatarios

Este material didáctico vai dirixido aos rapaces dos ciclos de Educación Primaria das escolas tanto do Concello de Vedra coma daquelas que queiran coñece-lo patrimonio económico, e sociocultural do Concello, así como para o profesorado que imparte estes niveis educativos e os dinamizadores/as que leven a cabo estas actividades. Estas propostas, ademais, poden ser adaptadas a outros niveis e circunstancias educativas particulares.

Estableceranse diferentes lugares de actuación, entre os que figuran as aulas destinadas á realización de actividades máis de investigación ou observación (de interior) e aquelas feitas no exterior que se desenvolverán dentro do marco do Concello de Vedra: os seus pazos, os seus viveiros, as casas particulares, os camiños...

Pretendemos elaborar un material que aínda que vai dirixido ao alumnado e ao profesorado poida ser aproveitado por outros colectivos: persoas maiores, xoves, xente interesada en coñece-lo concello... Intentaremos que toda a comunidade educativa estea inmersa na posta en marcha deste material didáctico..

Metodoloxía

O material que presentamos aquí non é un material didáctico pechado senón que é flexible e aberto, axeitado ás particularidades e inquedanzas dos participantes e dos dinamizadores/as e mestres/as que o realicen.

Creemos que este material didáctico ten que ser utilizado dunha forma interdisciplinar, porque neste teñen cabida actividades para diferentes áreas curriculares, así mesmo intenta ser un nexo transversal das mesmas dándolle valor á tradición da camelia da zona e así como o seu desenvolvemento sostible.

Por outro lado, preténdese que sexan os participantes os que elaboren dunha forma construtiva o seu propio coñecemento, conseguindo así unha aprendizaxe significativa.

Con todo isto pretendemos que continúen con esta secuencia de aprendizaxe: coñecer o mundo das camelias, sensibilizarse sobre a importancia que ten dentro do concello de Vedra, concienciarse sobre a necesidade de desenvolver actitudes de protección e conservación cara o mundo da camelia para finalmente actuar de forma sostible fronte ao coidado desta flor.

Temporalización

As propostas de actividades que aparecen no traballo, poderán ser empregadas cada unha delas dun xeito independente, aínda que tamén existe a posibilidade de empregalas dun xeito secuenciado, xa que moitas foron concebidas para que posibiliten a súa complementariedade e continuidade. Convén ter en conta que para a posta en práctica deste material é necesario contar coa climatoloxía, xa que gran parte das actividades formuladas neste recurso están deseñadas para a súa realización no exterior da aula ou local no que se desenvolva o proxecto. En cada unha das actividades incluimos o apartado de “Temporalización”, onde se indican as recomendacións oportunas sobre o tempo que pode ser necesario dispoñer para a realización da actividade e cando consideremos que é o mellor momento para desenvolve-las propostas. Pretendemos que os participantes coñezan na realidade todos aqueles aspectos representados na teoría, e que sobre todo o vexa nun lugar coñecido, relacionado coa súa vida cotiá ou que simplemente observen que aquilo que estaban dando na teoría ten o seu reflexo na realidade.

Avaliación

A través das diferentes e variadas actividades e proxectos de traballo que se recollen no material, quen desenvolva a actividade, poderá contar con numerosos recursos e propostas a través das cales levar a cabo a avaliación dos participantes. Así mesmo, ao longo do traballo e para cada unha das actividades, proporciónanse e suxírense diversas propostas e instrumentos de avaliación a través dos cales se pode recoller a información: diarios, redaccións, viñetas, escalas, follas de recollida de información, actividades, xogos de simulación... Tendo en conta a diversidade de suxeitos que poden participar na actividade (alumnado de centros educativos, colectivos de asociacións, visitantes do concello, profesorado, animadores socioculturais, entre outros), cómpre prestar atención en coñecer-las particularidades e intereses dos mesmos previamente ao desenvolvemento da actividade, xa que deste xeito poderemos adaptar mellor as nosas actividades e propostas aos intereses e necesidades dos mesmos. É necesario que quen faga uso desta proposta se esforce en realiza-las adaptacións oportunas, xa que, aínda que é un material pensado para unha diversidade de destinatarios, e concebido dun xeito flexible, que favoreza a adaptación aos diferentes contextos e realidades; é difícil coñecerlos coñecementos previos dos participantes sobre o tema e os diferentes intereses que os pode animar a participar nesta iniciativa. Así mesmo, a avaliación ao longo do proceso permitiranos coñecer en que medida as propostas formuladas nos permiten afondar no coñecemento da Camelia e animaranos á elaboración de novas propostas de actividades que axudarán a complementar este material.

Actividades

Os profesores/as ou dinamizadores/as que leven a cabo estas actividades atoparán dentro deste material unha “guía“ de como ensinar e mostrar as particularidades dunha planta tan popular entre a comunidade de Vedra como é a camelia; tanto a nivel biolóxico (atendendo ós seus trazos máis fundamentais) coma a nivel social (tendo en conta á influencia da camelia entre os veciños da zona).

As actividades que propoñemos a continuación son exemplos prácticos para o desenvolvemento dos contidos expresados con anterioridade. Pretendemos deseñar, para o alumnado, actividades motivadoras para o descubrimento dos valores naturais e culturais do concello, tendo coma base e eixe a camelia. Estas actividades terán lugar tanto dentro de lugares habilitados para face-las, coma lugares exteriores, onde a camelia teña unha representación significativa, coma por exemplo os viveiros e os pazos.

Neste material existen actividades que pola súa estrutura precisan dun material impreso, este é o caso das fichas de traballo, que tanto poden ser realizadas na sala de traballo ou a pé de campo. Así mesmo, estas ofrécese ao profesorado e aos dinamizadores/as, coma un recurso educativo axeitado aos diferentes proxectos curriculares docentes, que poden ser usados coma tarefas externas, onde se realizan sen ningunha conexión coa programación de aula ou incorporándoo dentro dela.

Para levar as actividades a cabo, dividimos o material en dous subbloques, clasificando as diferentes actividades dentro dos seguintes apartados: **desenvolvemento da actividade** (que imos facer?), a **xustificación** (porque o imos a facer?), os **obxectivos** (que queremos conseguir?), a **temporalización**, (canto e onde o imos facer?), os **recursos humanos** (quen o vai levar a cabo?), os **recursos materiais** (Que precisas para leva-lo a cabo?), a **avaliación** (que resultado teñen ou tiveron as actividades), **recomendacións** (posibles recomendacións que se fan para realiza-las actividades), e un **Sabías que?** (onde aparecen algunhas das curiosidades máis sinaladas do Concello de Vedra, referentes ó apartado que nese momento se está a tratar).

As actividades están divididas en tres seccións:



observación,



investigación



dinámica,

para conseguir unha maior optimización das mesmas e poder escollelas dunha forma máis axeitada en cada caso.

Dentro deste material, e pola súa importancia, veñen especificados dous subbloques:

1. A Camelia e a Natureza
2. A Camelia e as Xentes

Índice de actividades

Páx.

| | | |
|---|--|-----------|
|  | A viaxe da camelia polo mundo | 38 |
|  | A camelia ... unha longa historia | 41 |
|  | As partes da camelia | 44 |
|  | Os exploradores das camelias | 46 |
|  | Dende a semente ata o froito | 48 |
|  | Mudámos a camelia? | 52 |
|  | Camelia... A flor do inverno? | 56 |
|  | A camelia... Flor de xentes | 61 |
|  | A camelia... Flor de viveiros | 65 |
|  | A camelia... Flor de pazos | 69 |
|  | A camelia... Flor de festas e exposicións | 78 |
|  | A nosa festa da camelia | 83 |
|  | A camelia na poesía | 85 |

1. A camelia e a natureza

Introdución

A camelia é unha flor de orixe oriental, tamén chamada *Rosa do Xapón* que se introduciu en Occidente ó longo do século XVI da man de navegantes e comerciantes europeos chegando a Galicia procedente de Portugal.

Pero se por algo é destacable a camelia é polas súas características biolóxicas. É unha flor grande que pode chegar a medir, en algúns casos, de entre seis ou oito ata doce centímetros de diámetro o que fai que en moitas ocasións as flores miren cara abaixo. A camelia ten, sen contar os híbridos, preto de oito cores diferentes nos pétalos e diversas variedades de cores verdes nas súas follas. Existen ó redor de dez mil variedades diferentes de camelia, contando entre elas os híbridos que se fan para mellora-la flor e aumentalas súas clases. É unha planta de crecemento lento e en función da variedade de camelia medra nunha estación ou noutra. Medran, na súa maioría, no inverno entre os meses de outubro e marzo; esta é unha das razóns polas que moita xente planta camelias na súa casa porque é unha flor que medra nesta época do ano e da cor ó inverno. Outras variedades medran nos meses de marzo a maio.

A camelia, antigamente, tiña moitas utilidades: entre elas a elaboración de té verde semi-fermentado, de té negro e de óleos tanto para o corpo coma para a comida. Estes produtos podíanse facer ó longo de todo o ano porque as árbores ou arbustos de camelia teñen folla durante todo ese tempo.

A camelia precisa dunhas condicións climatolóxicas moi específicas que atopou en gran parte no “microclima” do Concello de Vedra, o que logrou que esta planta sexa moi cultivada nesta zona e que teña unhas determinadas particularidades.

Coidamos que é importante coñecer a camelia dende a súa forma, as súas follas, as súas cores, os seus tipos... para poder descubrir os coidados que precisan, o cariño que a comunidade vedrense sente por ela, as festas de exaltación, as decoracións que se fan con elas...

Objetivos

Xeral

Recoñecer e apreciar a camelia como unha planta de determinadas características e particulares no seu coidado, cunha influencia moi significativa no contorno do Concello de Vedra.

Objetivos específicos

- Coñecer a historia da camelia a nivel europeo ata a súa chegada ó Concello de Vedra.
- Recoñece-la morfoloxía e tipoloxía das camelias.
- Coñece-los coidados que xorden ó redor da camelia.
- Aprende-los usos e aplicacións desta flor.
- Aprender a identificar os diferentes tipos de camelia.
- Conseguir que os participantes respeten o seu medio natural e tomen conciencia da importancia de coida-lo entorno.



A viaxe da camelia polo mundo

| | |
|-------------------------------|--|
| DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE | A Camelia ten unha longa historia que vai dende a antiga China ata os nosos días. Polo que para entender determinados aspectos da historia da camelia, os participantes deberán elaborar unha pequena historieta onde representen a longa viaxe que tivo que realizar para chegar ata o concello de Vedra. Para iso e en grupos de aproximadamente 4-5 participantes, indicaraanselles os lugares polos que viaxou ata chegar ó concello. (Ver ficha adxunta). Nun mapa do mundo procuraran a ruta máis axeitada para poder chegar ó concello. Por último farán a historieta da Camelia. (Ver ficha adxunta). Despois de que cada grupo remate porase en común os resultados da súa viaxe e compararase coa viaxe orixinal. (Ver ficha adxunta). |
| XUSTIFICACIÓN | A historia e a viaxe da camelia ata o Concello de Vedra é unha interesante e fascinante aventura, polo que consideramos que é importante que os participantes coñezan a traxectoria desta planta ata a súa chegada ó Concello para que poidan apreciar, que aínda que non é unha planta autóctona deste, chegou a ser un sinal identificativo do mesmo. |
| OBXECTIVOS | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a viaxe da camelia ata chegar ó Concello. • Recoñece-la camelia coma un nexo de unión entre diferentes países do mundo. • Ampliar os coñecementos sobre xeografía dos participantes. • Potenciar a creatividade e o desenvolvemento da imaxinación. |
| TEMPORALIZACIÓN | Esta actividade terá unha duración de aproximadamente 20-25 minutos, tendo en conta os participantes e a súa actitude cara a actividade. |
| RECURSOS HUMANOS | O mestre/a ou dinamizador/a da actividade. |
| RECURSOS MATERIAIS | <ul style="list-style-type: none"> • A ficha adxunta • Láminas co mapa do mundo. • Lapis e lapiseiros. |
| AVALIACIÓN | Esta actividade avaliarase tendo en conta: a orixinalidade, a creatividade, a forma do debuxo, as técnicas empregadas, e ademais observaranse as súas reaccións e actitudes de cara á participación, colaboración e realización do traballo (se ten ou non iniciativa de traballo, cooperación...). |
| RECOMENDACIÓNS | Neste caso tamén se pode facer esta actividade de forma individual, entregándolle a cada participante o material e non a cada grupo; esta elección deixarase á persoa que leve a cabo as actividades. Para obter información acerca da historia da camelia pódese consultar a bibliografía aportada neste traballo. |
| SABIAS QUE ? | <i>A camelia é unha das flores máis expandidas polo mundo e existen moitas rivalidades en saber cal foi realmente o primeiro lugar polo que chegou a Europa.</i> |

Ficha 1 “A viaxe da CAMELIA polo mundo”

Estes son os lugares polos que pasou a Camelia:

1º. Lugar onde descubren a Camelia: Illas Filipinas.

2º. Lugares de expansión:

a. China

b. Xapón.

a. Inglaterra.

i. Francia.

ii. Bélxica.

iii. Italia.

iv. Alemaña.

v. Portugal.

vi. España

1. Galicia

2. Pontevedra

a. Concello de Vedra.

vii. Australia

viii. EE.UU.

ix. Nova Zelandia



Realiza unha *historieta* sobre a viaxe da camelia ata o concello de vedra

| | | |
|--|--|--|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |



A camelia... unha longa historia

| | |
|-------------------------------|--|
| DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE | <p>Para explicarlles as características principais da historia da Camelia ós participantes, lerase un breve relato do percorrido da camelia, especificando todos aqueles datos que sexan relevantes para entendela e desenvolver as actividades. Esta pódese levar a cabo de dúas formas:</p> <p>1ª opción: Entregaráselles ós participantes a ficha adxunta que contén o encrucillado e estes resolverano.</p> <p>2ª opción: Escríbese o encrucillado nun cartafol grande e divídense os participantes en dous grupos. Cada grupo, por quenda, ten que ir respondendo a unha pregunta e así entre os dous completar o encrucillado.</p> |
| XUSTIFICACIÓN | A Camelia é unha planta que ten unha longa historia ata poder chegar ó Concello de Vedra. Consideramos que é importante que os participantes coñezan brevemente a historia desta planta. |
| OBXECTIVOS | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer unha breve historia sobre a Camelia e a súa chegada a Europa. • Fomenta-la cooperación e a traballo en grupo. |
| TEMPORALIZACIÓN | Esta actividade terá unha duración de aproximadamente 30 minutos, en función dos participantes na actividade. Pódese realizar tanto no interior da sala de traballo coma nun lugar onde a camelia estea presente, recomendando o primeiro para comodidade dos participantes |
| RECURSOS HUMANOS | O mestre/a ou dinamizador/a da actividade. |
| RECURSOS MATERIAIS | <p>1ª opción: A ficha adxunta, lapis.</p> <p>2ª opción: un cartazo grande co debuxo do encrucillado e rotuladores.</p> |
| AVALIACIÓN | A avaliación levarase a cabo dunha forma continua, analizando dende as posibles reaccións (alteracións no comportamento, nervios, impaciencia, saben aceptar a derrota ou a victoria...) ata o produto final da mesma analizando a resolución do encrucillado. |
| RECOMENDACIÓNS | Esta actividade ten dúas posibilidades de actuación que dependerán do grupo co que se está a traballar e a opción escollida será determinada polas necesidades dos participantes. |
| SABÍAS QUE ? | <p><i>No oriente a camelia foi considerada "a flor máis fermosa nacida baixo os ceos".</i></p> <p><i>As camelias foron introducidas en Europa polos tratantes portugueses, holandeses, ingleses e polos misioneiros xesuítas que estaban evanxelizando por aquelas terras.</i></p> |

Ficha 2A “A camelia...Unha longa historia”

(Material de axuda para o mestre/a ou dinamizador/a)

Breve historia da Camelia

George Joseph Kamel era un misioneiro xesuíta de orixe moravo que vivía nas illas Filipinas entre 1661 e 1706, recollendo diversos exemplares dunha flor moi fermosa.

Un día chegou a estas illas un señor chamado Karl Linneo, un grande descubridor de moitas das terras do mundo. Quixo coñecer a Kamel porque oíra falar moito do seu traballo, pero non puido ser porque este morrera en Manila anos antes da súa chegada. Descubriu aquela flor que Kamel cultivaba con tanto agarimo e como non tiña nome púxolle *camelia*, en honra do seu descubridor.

Linneo comezou de novo a súa viaxe e foi cara a China e o Xapón, e atopou que nestes lugares tamén existían algunhas flores de camelia, consideradas alí coma “unha das flores máis fermosas habidas baixo os ceos” e coñecida co nome de *TSUBAKI*. Aquí a camelia tiña moitos usos entre eles a elaboración do té negro e de aceites, utilizando as súas follas (este último elaborado cunha variedade chamada *camelia sinensis*) e do carbón natural utilizando o seus talos.

Unha vez terminada a súa expedición foi cara a súa casa en Inglaterra.

En 1804 a Sociedade Horticultora de Londres enviou recolectores de Camelia a China, comezando así a viaxe de moitos tratantes, empresarios e biólogos que comezan a ir a aquelas terras para explotalas e exploralas, levándose, entre outras cousas, esta flor cara Francia, Bélxica, Italia, Alemaña e Portugal.

Pénsase que cara o ano 1849, a camelia entrou no estado español dende Portugal, principalmente a Pontevedra (Galicia). Dende alí comezan a ir cara diferentes puntos de Galicia, entre eles Vilagarcía de Arousa, Oca, Vedra,... que, na actualidade, son concellos moi recoñecidos polo seu cultivo de camelia.

En principio moitas destas flores viñeron para ser agasalladas ós señores dos pazos de moitas das cidades/pobos galegos. Pouco a pouco a sona desta flor foi pasando cara tódolos veciños da zona, tomada co nome de “Rosa da China”.

Sobre o ano 1830 aparece un novo foco de expansión da camelia que vai cara Australia, EE.UU e Nova Zelandia.

A camelia, chamada así tanto a flor coma a planta, actualmente é moi famosa e demandada porque é de folla perenne e florece no inverno.

Ficha 2B “A camelia...Unha longa historia”


Encrucillado:

HORIZONTAL

1. Nome en Xaponés da Camelia.
2. ¿Quen descubriu o traballo de Kamel?
3. En 1830 aparecen 3 focos de expansión da Camelia: EE. UU, Nova Zelandia e.....
4. ¿Que tipo de camelia produce aceite?
5. ¿Cómo se chama a arbore das Camelias?
6. A primeira provincia de Galicia que cultivou camelias

VERTICAL

1. Primeira aplicación da Camelia
2. Nome do descubridor das Camelias
3. En 1804 a Sociedade Horticultora, de que país enviou recolectores de Camelia a China?
4. ¿De onde proceden os primeiros exemplares que chegan a Galicia?
5. A Camelia é de follla...
6. Concello galego que ten grande fama polas súas camelias
7. A camelia en china pasou a ter dúas aplicacións máis. Co seu talo facíase carbón natural e coas follas
8. País do que proceden as camelias



Ver solución na páxina 89




As partes da camelia

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Nesta actividade os participantes debuxarán unha flor de camelia e nela escribirán as diferentes partes, tal e coma aparece no debuxo da ficha adxunta. Unha vez identificadas as partes, os participantes procuran nos arredores do local ou da escola, unha flor de camelia que estea no chan e observarán as súas características ven diferenciadas.</p> <p>Por último farán unha pequena maqueta con plastilina (tal e coma se observa na segunda parte da ficha adxunta) de como serían as partes dunha camelia. Ademais intentarase que as camelias representadas sexan de diferentes tipos. Con estas maquetas farase unha exposición.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Un tema que aparece na programación curricular do 2º e 3º ciclo de primaria é as partes dunha flor. A camelia é unha flor que ten moi diferenciadas as súas partes e é unha “bo modelo” para poder explicalas. É importante que os participantes observen os elementos que se lle imparten na parte teórica nun reflexo cotiá da realidade.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer por dentro unha flor da camelia. • Aprende-las partes da flor da camelia. • Fomenta-la creatividade e a imaxinación. • Favorece-la psicomotricidade fina. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade terá unha duración de 3 horas xa que os participantes teñen que recoller unha flor dos arredores do local ou da escola no que se atopen e teñen que facer a maqueta.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Plastilina. • Ficha adxunta • Flores de camelia. |
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>A avaliación desta actividade levarase a cabo mediante a observación e a resolución dos traballos realizados polos participantes. Observanse as destrezas á hora de traballa-la plastilina, ao compartir o material, (por exemplo se presta a plastilina a outros compañeiros...), o realismo alcanzado e modo de face-la flor. Outro dos aspectos importantes para analizar é o respecto pola natureza onde se observará se os participantes recollen as flores do chan ou as arrancan da árbore, o uso que fan das camelias, a sensibilidade que manifestan cara a natureza...</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Que con estas maquetas se faga unha exposición para que os participantes observen o seu traballo e o motiven para futuras actividades.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>A estrutura de moitas das variedades de camelias permite observalas e analiza-las súas partes dunha forma excepcional. Por outro lado as camelias son plantas que están expostas a múltiples casos de polinizacións.</i></p> |

Ficha 3 *A camelia en partes*

(Material de axuda para o/a mestre/a ou dinamizador/a)

DEBUXO DAS PARTES DA FLOR DE CAMELIA.



Pasos para a elaboración da Camelia en plastilina.

1. Faise o pistilo cos diferentes estames e antenas
2. Despois recóbrese cos diferentes pétalos dándolle o xeito que cada participante queira. Así mesmo o número de pétalos variará en función da camelia que se desexe representar.
3. Unha vez feita a corola colócase con coidado os sépalos e o pedúnculo floral ou tallo.

Ver solución na páxina 89



Os exploradores das Camelias

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Primeiramente entregaráselles ós participantes información cos diferentes tipos de camelias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Imaxes das camelias máis comúns en Galicia (Camelia xapónica, camelia reticulata, camelia sasanqua Thunb, Camelia Sinensis, Camelia salvenensis stapf ex Bean); • As diferentes formas das follas, flores, froitos e talos. • Un plano dun Viveiro de Vedra (Esta información extraerase das páxinas de 14 a 18 deste mesmo material). <p>Os participantes dividiranse, por azar, en grupos de 4 ou 5 persoas. Os grupos terán un límite de tempo para conseguir ou calcar a forma das follas, dos pétalos, dos froitos... (recollela do chan, en ningún caso se lles permitira arrancar nin estragar ningunha planta de Camelia), para a súa clasificación. Unha vez recollidas sinalarán no plano o lugar onde creen que a atoparon. Despois con todo o material recollido farase un libro en común e deixarase na aula ou no lugar de traballo para posibles consultas.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Coidamos que esta actividade de investigación axudará aos participantes a recoñecer e saber algo máis sobre as camelias no concello de Vedra. O contacto coa contorna é fundamental para entender que hai que coidalas e respectalas, así como valorar o que estas fan en beneficio da comunidade.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os tipos máis comúns de camelias do Concello de Vedra. • Coñecer as formas dos pétalos, as formas das flores, dos sépalos, dos froitos... • Practica-la cartografía básica. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>A duración desta actividade é moi relativa, xa que os participantes teñen que seleccionar as plantas e clasificar as, polo que pensamos que dispoñer de aproximadamente 3 ou 4 horas é o axeitado para facela. Esta actividade é importante levala a cabo entre os meses de xaneiro e febreiro, xa que a camelia adquire o seu momento de esplendor. Realizarase nun viveiro do concello de Vedra.</p> |

| | |
|--------------------|--|
| RECURSOS HUMANOS | O mestre/a ou dinamizador/a da actividade. |
| RECURSOS MATERIAIS | <ul style="list-style-type: none"> • Información extraída das páxinas 14-15 • Lapis. • Mapas ou planos do viveiro. |
| AVALIACIÓN | Nesta actividade avaliarase dende a capacidade de liderado demostrada na forma de dirixir o grupo: quen dirixe, como os dirixe, como foi a elección do líder, que fai e como resolve os problemas; a resolución da actividade tendo en conta: cantas camelias atoparon, os debuxos realizados polo grupo (observando nestes: quen debuxou, a colaboración dos membros do grupo, como traballou o equipo...), así como a localización das plantas no mapa do viveiro e os criterios utilizados para marcalos. |
| RECOMENDACIÓNS | Recomendamos que antes de comezar a facer esta actividade os participantes teñan unha pequena idea das características e particularidades da camelia que se poderá obter realizando as actividades anteriores. Tamén recomendamos que fagan ó mesmo tempo e dentro do viveiro, as actividades formuladas neste mesmo material sobre a camelia e os viveiros. |
| SABÍAS QUE ? | <i>En Vedra existen persoas que adican a súa vida á traballar en prol da camelia, procurando e creando novas plantas con cores diferentes e cada vez máis resistentes ó frío, á calor....</i> |



Dende a semente ata o froito

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Nesta actividade os participantes investigarán cal é o ciclo reprodutor dunha camelia. Unha vez o teñan encontrado farán un debuxo nun cartazo das distintas fases de reprodución da camelia (ver ficha adxunta). Este debuxo exporase no lugar de traballo como referente para as actividades que van realizar os participantes. Unha vez teñan analizado, o ciclo de reprodución da camelia, os participantes plantarán nun tarro, unha semente de camelia.</p> <p>Collerase terra do concello que ten as condicións específicas para que brote a camelia e plantarase a semente de camelia. Unha vez teña a semente raíz pódese transplantar a outro tarro, pouco a pouco a planta comezara a brotar, e os participantes observarán o proceso de crecemento da planta.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Nesta actividade os participantes distinguirán as diferentes fases do ciclo dunha planta, e en especial a de reprodución da camelia. Cremos que é importante falar neste momento deste tema, xa que, como explicamos antes, a planta e a flor son temas a tratar nos diferentes niveis curriculares. Con estas actividades pretendemos que os participantes coñezan ese ciclo de reprodución pero dende unha planta achegada a eles.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecelo ciclo de reprodución das plantas e en especial o ciclo da camelia. • Comprender que as plantas tamén son seres vivos que nacen, medran, reproducense e morren. • Fomentalo respecto polas etapas dunha planta. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade está dividida en tres partes: na primeira parte inverterase un tempo aproximado de 20 minutos; a segunda parte terá unha duración de aproximadamente 30-40 minutos na que os participantes deberán resolver as cuestións formuladas nas fichas. A observación do proceso de crecemento da camelia terá unha duración aproximado de 4 meses, polo que aconséllase que sexa plantada nos meses de outubro - novembro para un bo crecemento e unha mellor floración.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |

| | |
|---------------------------|---|
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • As fichas adxuntas • Un cartafol • Lapis. • Tarros, (un por participante) • Sementes de camelia • Auga • Terra da zona do Concello de Vedra, coas características propias da mesma. |
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Esta actividade avaliarase de dúas formas: a primeira, analizando as respostas que os participantes darán ás cuestións formuladas nas fichas adxuntas e a correcta adquisición do coñecemento. A segunda, analizarase mediante a observación, o coidado, o trato axeitado e a preocupación polo crecemento da camelia.</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Esta actividade ten unha longa duración polo que propoñemos que as sementes queden no lugar de traballo durante unha cantidade de tempo axeitada para que poidan xerminar, ó redor de dous meses. É aconsellable que esta actividade sexa realizada entre os meses de outubro e novembro.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>As plantas de camelia en moitas ocasións non se reproducen por semente senón que o fan por enxerto ou hibridación. Este método de transplante consiste en retirar dunha planta un pequeno gallo e transplantalo a outra terra para crear unha planta nova.</i></p> |

Ficha 4 DENDE a SEMENTE ata o FROITO

1. Ordena os seguintes momentos do ciclo de reprodución da camelia:
(Fai os debuxos dentro das casiñas)



| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|

2. Busca no dicionario as seguintes palabras e colócaas dentro do ciclo de reprodución das camelias:

1. FOTOSÍNTESE:

2. POLINIZACIÓN:

3. XERMINACIÓN:

4. SEMENTE:

5. CLOROFILA:

6. PERICARDIO:

Ver solución na páxina 90

3. Resolve estas adiviñas e atopara-las condicións xerais necesarias para que a camelia se desenvolva da mellor forma posible. Colócaas no lugar que corresponda:

| | | | |
|---|---|--|--|
| “Estraga e non ten mans, corre e non ten pes, asubía e non ten boca, ¿que che parece que é?” | “Chámanme rei e non teño reino; din que son roxo e non teño pelo; pensan que ando e non me movo; reloxo arranxo sen ser reloxeiro” | “¿Quen é, quen non é?, que está no xardín, sen ela as plantas non poden vivir ” | “Corre sen pernas salta sen pés cae con forza e as veces non a ves” |
| 1 | 2 | 3 | 4 |

As mellores condicións para que a camelia florezca son: pouco 1. _____ e pouca 2. _____ (sobre todo a primeira da mañá), xa que é preferible que estean situados ó abrigo de árbores máis altas.

O 3. _____ máis beneficioso para a camelia é aquel que teña unha grande cantidade de nutrientes, facilitándolle unha estrutura porosa e lixeira, favorecendo a reacción ácida deste. Moita cantidade de 4. _____ pode provocar na camelia un grave problema de perda de color e empeora-la flor, mentres que unha cantidade axeitada intensifica a cor.

4. Anota o tempo que tarda a túa camelia en chegar ós diferentes momentos do ciclo da reprodución: (polo menos ós primeiros momentos)

| | | |
|--|--|--|
| Día da plantación: | ¿Cántos días pasaron ata que xerminou a semente? | Día no que comezou a dar follas: |
| Despois dun mes de dala primeira folla, ¿canto mide? | ¿Canto tempo cres que tardarán en dar flores?, | ¿Canto tempo cres que tardarán en dar froito?, |
| ¿Canto tempo cre que pode durar o ciclo biolóxico da túa planta? | | |

Ver solucións na páxina 90



Mudámos a camelia?

| | |
|--------------------------------------|---|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>O proceso de polinización é un proceso natural, que mediante o vento, os insectos, a auga...mudan as plantas de camelia; aínda que tamén se pode facer de forma artificial, a hibridación. Para explicar estes procesos de transformación mediante métodos naturais, os participantes deberán realizar as actividades formuladas na ficha adxunta. Para que os participantes poidan facerse unha idea de como o home leva a cabo este proceso de transformación das camelias, o mestre/a ou dinamizador/a fará unha pequena demostración de como por enxerto se pode facer a hibridación da camelia (ver anexo adxunto).</p> <p>Unha vez explicado este proceso, os participantes elaborarán as actividades da ficha adxunta.</p> <p>Dun modo artístico os participantes pintarán unha camelia, dunha forma orixinal simulando que os pétalos son produtos dun traballo de hibridación, (cores rechamantes, con diferentes formase tamaños...) dando especial importancia á creatividade</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Esta actividade pretende que os participantes observen como a camelia pode mudar de cor mediante diferentes tratamentos, como pode mellorarse como planta (manter mellor o frío, a calor...) ou cambiar a súa forma. Este tipo de proceso lévase a cabo no Concello de Vedra, nalgunhas ocasións, polo que por iso é importante que os participantes coñezan esta transformación.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comprender dunha forma sinxela o que é o proceso de polinización e o que son os híbridos de camelia. • Potenciar o interese pola camelia. • Coñecer máis particularidades das camelias. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade terá unha duración aproximada de dúas ou tres horas en función do que tarde en comezar a tinxirse a flor.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Follas • Ficha adxunta • Cores, pinturas.... • Para face-la hibridación: • Unha camelia dunha cor e outra camelia doutra cor • Bolsiña de plástico • Coitelo |


| | |
|-----------------------|---|
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Neste caso avaliarase o grado de organización da actividade prestando especial atención: á orde de elaboración da ficha adxunta, a claridade con que responde as preguntas, a formulación das mesmas e a participación nas actividades. Por outro lado observarase e analizaranse as actitudes deles cara a realización das actividades de cara a hibridación: se prestan ou non atención, se as fan voluntariamente ou obrigados, se lles gusta o que están a facer...</p> <p>Darase importancia tamén á creatividade dos rapaces á hora de pintar e deseñar a súa camelia.</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Recomendamos que a flor da camelia utilizada para a hibridación sexa de cor branca para que os participantes observen mellor a calidade da transformación. Outro consello é que se faga unha exposición cos debuxos feitos polos participantes para que poidan apreciar a creatividade dos demais compañeiros.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>Que grazas á hibridación pódese fortalecer máis a camelia, obtendo mellores condicións de conservación da mesma e diferentes cores que fan dela unha flor con moitas variedades.</i></p> |

Ficha 5 *Mudámos a Camelia?*


1. Facémo-la hibridación da camelia:

Cóllese unha flor de camelia que non estea moi aberta e córtase co coute pola parte da corola, separando os pétalos e deixando ao descuberto o pistilo.

Recóllese un pouco de pole das antenas doutra camelia doutra cor e depositase pouco a pouco sobre o pistilo da camelia. Envólvese cun saquiño pequeno de plástico e deixase que o tempo e a auga faga a súa labor, en breve observaremos como a flor nacerá outra vez pero con cores diferentes. (ver debuxo)



2. a. Un dos insectos que realiza máis polinizacións é a abella. Para saber como fai este proceso relaciona os debuxos ca súa frase correspondente. Despois escribe as frases ordenadamente nas ringleiras de abaixo e así poderás ler todo o proceso de polinización xunto:



1 **A** As abellas transportan o pole desde unha camelia ata outras, dispersándoa polo aire.



2 **B** O pole depositano nos órganos de reprodución, (óvulos) doutras camelias.



3 **C** As abellas obreiras mentres chuchan o néctar das camelias co aguillón recollen pequenas partículas de pole cos pelos que teñen ao longo do corpo.



4 **D** Despois do proceso de polinización a camelia en ocasións muda a súa flor: dando lugar a novas flores con cores diferentes

2b. Despois escribe as frases ordenadamente :

3. Completa as seguintes frases, se non as sabes podes consultar libros, internet, preguntar ós demais...:

1. O pole prodúcese nas
2. O grao de pole depositase sobre
3. O grao de pole únese có e forma á
4. O grao de pole pode transformar a doutras camelias.
5. A semente está rodeada polo

Ver solución na páxina 90



A camelia... A flor do inverno?

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Para coñecer as diferentes variedades que atoparán de plantas de inverno, os participantes deberán procurar internet os nomes e os debuxos das plantas que broten durante o inverno, facendo un debuxo de alomenos 5 delas.</p> <p>Unha vez teñan cumprimentada a ficha adxunta, os participantes observarán as súas fases de crecemento e o seu desenvolvemento ó longo de toda a estación e compararán estas fases isto cos demais ciclos reprodutores das plantas.</p> <p>Por último os participantes farán nun cartazo grande un debuxo dun campo no que aparezan as diferentes flores do inverno. Despois poderase colgar na aula ou no local de traballo.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Pretendemos que os participantes observen as diferenzas entre as moitas variedades de flores que brotan no inverno. Aínda que a maioría das plantas das que falaremos nesta actividade dan a súa flor no inverno, non podemos esquecer que o frío en exceso é malo para case tódalas plantas.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Conseguir que os participantes observen e analicen as diferentes plantas e flores de inverno. • Comprobar que a Camelia non é a única flor que aparece no inverno. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade terá unha duración aproximada de dúas ou tres horas tendo en conta a busca en internet, o debuxo das flores, a elaboración das fichas adxuntas e a realización do cartazo. Esta actividade está pensada para facer en dous lugares: en primeiro lugar na aula de informática e despois na sala onde se fan as diferentes actividades.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Computadores conectados á internet. • Ficha adxunta • Lapis • Cartazo • Cores e material de deseño |

| | |
|----------------|--|
| AVALIACIÓN | Nesta actividade a avaliación levarase a cabo durante a súa realización, observarase e analizarase o comportamento dos participantes á hora de desenvolver o traballo encomendado, as destrezas e habilidades á hora da procura na rede, a iniciativa de cada un dos participantes, a competitividade, a colaboración e cooperación do grupo, entre outros moitos valores. |
| RECOMENDACIÓNS | Existe unha páxina en internet www.botanical-online.com/ onde se atopa toda a información sobre as plantas de inverno e os seus beneficios. Aconsellamos tamén facer esta mesma actividade cunha selección das plantas máis comúns de cada estación do ano. |
| SABÍAS QUE ? | <i>En moitas das plantas do inverno o frío consegue que se incremente a cor dos pétalos, aínda que non pode ser un frío en exceso porque senón estráganse. Existen ó redor de 27 variedades de plantas que son resistentes a non moito frío e a camelia é unha delas.</i> |

Ficha 6 *A camelia... A flor do inverno?*

| | |
|---|-------------------------------------|
| Nome común da planta: | |
| Características da planta: O talo é.... As follas son..... A flor é.... Ten raíz..... | ¿En que época do ano dá a súa flor? |
| | ¿En que lugar a atopaches? |
| FAI O DEBUXO DA FLOR. | |

2. A camelia e as xentes

*“Camelio xaponés
o sorrir antigo
dos seus labios vermellos
respira a súa paz na Galicia, lonxe”.*
(Uxío Novoneyra)

Introdución:

A camelia no concello de Vedra ten, dende a súa chegada na segunda metade do século XIX ata a actualidade, un grande recoñecemento comunitario e ata internacional.

Mais a camelia non só ten unha tradición histórica dentro do concello, senón tamén a nivel mundial. A historia e a viaxe feita pola camelia ata chegar a Galicia, atravesamos millóns de lugares pasando por case todo o mundo, chegando a ser en pouco tempo unha planta moi apreciada pola xente.

Non se sabe moi ben cando chegou a Camelia a Vedra, pero crese que a introduciu un dos primeiros marqueses de Santa Cruz de Ribadulla, a quen lla regalou nunha das súas múltiples viaxes polo mundo e decidiu experimentar a plantación no seu pazo.

A poboación vedrense e as parroquias veciñas, na súa maioría, comezan a plantación de camelia uns anos despois de que os señores dos pazos introduciran a camelia no concello; e é así como pouco a pouco tódolos veciños comezan a interesarse polo seu cultivo, pola súa flor e polas súas características.

Na actualidade continúa a cultivar esta planta en case tódalas casas do concello de Vedra; xa sexa polas súas características, polas súas específicas condicións climatolóxicas ou pola súa fermosura..., pero está chegando a ser unha sinal de identidade da comunidade.

A camelia é unha forma de vida e de produción para aqueles que adican o seu tempo e o seu esforzo ó seu cultivo (como acontece nas casas particulares, nos viveiros ou nos pazos da zona). Ten unha determinada forma de traballo, porque o seu cultivo precisa de coidados específicos (coidados que dan cada unha das persoas que compoñen a comunidade vedrense).

Obxectivos

Xeral

Investigar, comprobar e coñecer a presenza de camelias na vida cotiá da poboación do concello de Vedra, creando situacións de aprendizaxe e formación interdisciplinar.

Comprender que parte do desenvolvemento social e cultural da comunidade ten a súa base na riqueza e diversidade das plantacións de camelia.

Específicos

- Valora-la influencia que a Camelia ten na sociedade vedrense.
- Coñecer as razóns polas que en cada casa do concello existe unha camelia.
- Coñece-la relación pasada e actual que as persoas do concello tiveron e teñen coas camelias.
- Descubrir os diferentes ámbitos da vida nos que están presentes as camelias.
- Coñecer os beneficios económicos, ornamentais, ecolóxicos... que aportan as camelias.
- Utilizar diferentes fontes de información e formas diferentes de elaboración de escritos e gráficos.
- Conseguir que os participantes respecten o seu medio natural e tomen conciencia da importancia de coida-lo contorno.
- Logra-la participación activa e a implicación directa dos asistentes.



A camelia ...Flor de xentes

| | |
|--------------------------------------|---|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Os participantes preguntarán ós seus familiares a importancia que a camelia ten para cada un deles, respondendo as cuestións formuladas sobre os usos das camelias, os coidados, os sentimentos que lles transmiten, etc. (ver ficha axunta)</p> <p>Nesta actividade os participantes elaborarán un mapa dun traxecto coñecido para eles (da casa a escola, do local de traballo a casa...) indicando os lugares onde atopan a planta da camelia ou a súa flor. Despois en grande grupo porán os mapas en común e falarán sobre a influencia da camelia na zona.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Con esta actividade preténdese aumentar o coñecemento dos participantes nos costumes da poboación vedrense, centrándose nos referentes á camelia. A camelia pasou a ser unha sinal distintivo do concello de Vedra e por iso consideramos que é importante coñecer o que esta planta produce nos seus habitantes.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coñece-las impresións e os costumes ó redor da camelia, da poboación vedrense. • Investigar e comprobar a presenza da camelia nos diferentes momentos da vida cotiá das persoas. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade levarase a cabo durante varios días, xa que os participantes deberán observar e analizar as cuestións que aparecen na ficha adxunta. Despois dedicarase unha hora a poñer en común as respostas ás preguntas e os itinerarios feitos por cada un deles.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> <p>Aquelas persoas que axuden a recolle-la información</p> |
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Ficha de recollida de datos. • Lapis. |

| | |
|-----------------------|--|
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Mediante o estudo das fichas analizarase, por un lado, o interese polos costumes do pobo, observando: a formulación de preguntas, a forma de transmitir a información no grupo final e a súa implicación no traballo (dando resposta a tódalas cuestións, explicación das mesmas...) e por outro lado, a capacidade de comprensión, expresión, e comunicación das ideas obtidas, observando: se comunica con claridade os resultados da entrevista, as diferentes formas de expresión (oral, escrita, plástica e corporal).</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Recomendamos facer esta actividade na área de Lingua, xa que dunha forma lúdico-educativa pódense atopar os datos necesarios para cumprimentar a ficha e traballar os diferentes aspectos relacionados coa expresión escrita e oral.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>A camelia é unha flor que a xente quere moito e está relacionada, en moitas ocasións, con diversos aspectos da vida; como por exemplo, a camelia branca representa a beleza perfecta, a camelia rosada a grandeza da alma e a camelia vermella a importancia que unha persoa ten na vida.</i></p> |

Ficha 7A *A camelia ...Flor de xentes*

Busca información preguntando ós teus familiares, e dá resposta a estas preguntas.

Nome da persoa enquisada:

1. Existen camelias na súa casa? Cántas ten?
2. Que uso teñen? Coñecen algún outro uso da camelia?
3. Porque planta vostede camelia na súa casa?
4. Pertence vostede a algunha asociación asociación coa camelia? A cal?
5. Presentouse algunha vez á Festa da Camelia? A cal?

MOITAS GRAZAS.

Ficha 7B *A Camelia ...Flor de xentes*

Fai un mapa do traxecto da túa casa á escola e sinala os lugares onde aparezan plantas e flores de camelia.





A camelia... flor de viveiros

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Os participantes, nesta actividade, levarán a cabo varias dinámicas:</p> <p>A primeira: “O Bingo das Camelias”. Dividirase ós participantes en 7 grupos diferentes e entregaráselles por grupo, un cartón (ver ficha adxunta) no que figuren os debuxos ou os nomes dalgunhas das especies de camelias que existen no viveiro, unido a un número, (todos terán o mesmo cartón, pero ordenado de forma distinta). Cando sae o número do bombo, os participantes terán ou verán a figura dunha das flores ou o nome dela. Se teñen a flor na casiña deberán buscala polo viveiro e atoparlle o nome, e se teñen o nome na casiña deberán atopa-la forma da flor (mais só poderá facer un debuxo dela) . Para iso daráselle, por grupos, unha pequena guía de ó redor de 20 camelias co seu nome e unha pequena descrición da planta. O primeiro grupo que a atope obterá un punto e todos porán un papeliño enriba de dito debuxo.</p> <p>A segunda: os participantes, de forma individual, investigarán e darán resposta ás preguntas formuladas na ficha adxunta.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Un dos lugares onde existen máis plantas de camelia son os viveiros. Por iso pensamos que facer alí unha actividade sería unha proposta moi interesante para que os participantes coñeceran tódalas particularidades das mesmas. Por outro lado, vemos o viveiro como un lugar onde ademais de cultiva-la camelia é para eles un elemento económico.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Identificar outra forma de ver e aprecia-la camelia. • Coñecer a camelia, como un elemento económico. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade terá unha duración aproximada de tres horas, que poderán ser divididas, en varias sesións, feitas nun viveiro do concello de Vedra. É importante facer esta actividade na época de floración das camelias, é dicir, entre xaneiro e marzo.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |

| | |
|-------------------------------|--|
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Bombo dun bingo ou unha bolsa cos números dentro. • Papeis ou bolas cos números. • Cartóns cos debuxos e os nomes (ver ficha adxunta). • Bolígrafos. • Papeis para debuxar. • Guía con tódalas posibles flores e nomes. • Ficha adxunta. |
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Desta actividade avaliaranse, tanto os aspectos organizativos da dinámica do bingo, como a forma de resolve-lo cartón. Por outro lado, analizaranse as respostas que de forma individual fagan os participantes ás preguntas sobre a actividade realizada e sobre a aprendizaxe feita nese momento sobre a camelia nos viveiros. Con esta última actividade observaremos a calidade dos coñecementos adquiridos, a capacidade de adquirilos, e quen dos membros do grupo participou, e quen dos membros non o fixo.</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Recomendamos facer esta actividade no viveiro que existe no Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, un dos viveiros máis grande de toda a provincia e de case toda a comunidade autónoma. Propoñemos que se ten feito a actividade nº4 dos “Exploradores das Camelias”, deste mesmo material didáctico, pódese empregar esa guía para poder facer esta actividade.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>Sabías que no Concello de Vedra existen viveiros nas que a planta principal é a camelia. Por outro lado, as camelias nos viveiros pasan preto de 3 ou 4 anos antes de vendelas, xa que procúrase que a planta leve a raíz suficiente para que non morra.</i></p> |

Ficha 8 Camelia...Flor de viveiros

1. Cartóns do "BINGO DAS CAMELIAS"

| | | | |
|--|--|--|---|
|  <p>1</p> | | <p>13</p> <p>CAMELIA SASANQUA</p> |  <p>14</p> |
| <p>2</p> <p>CAMELIA RUSTICANA</p> | <p>9</p> <p>BUSCA UNHA CAMELIA CON 2 CORES</p> |  <p>12</p> | |
| |  <p>8</p> | <p>11</p> <p>CAMELIA SALUENENSIS</p> | <p>15</p> <p>BUSCA UNHA CAMELIA AMARELA</p> |
|  <p>3</p> | <p>7</p> <p>CAMELIA JAPÓNICA</p> | | <p>16</p> <p>BUSCA UNHA CAMELIA BRANCA</p> |
| | <p>6</p> <p>CAMELIA RETICULATA</p> |  <p>10</p> | <p>17</p> <p>CAMELIA OLEIFERA</p> |
| <p>4</p> <p>CAMELIA SINENSIS</p> | <p>5</p> <p>CAMELIA HIEMALIS</p> | |  <p>18</p> |

2. Investiga sobre as seguintes cuestións

a. Que é un viveiro?

b. Que se fai nun viveiro?

c. Cantas plantas pode haber nun viveiro? Cantas plantas había neste viveiro?

d. Canto pode custar unha camelia?

e. Canta xente traballa no viveiro?

f. Teñen moi éxito as camelias? Véndense moito? Por que?



A camelia ...Flor de pazos

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Os participantes resolverán as cuestións que aparecen na ficha adxunta observando as diferenzas entre os diferentes pazos.</p> <p>Poderase levar a cabo un xogo de rastrexo e orientación dividindo os participantes en 8 grupos. Estenderanse 8 sobres cunha proba en cada sobre (cada proba está situada nun lado do pazo e dentro do sobre) polos arredores do Pazo de Ribadulla, que é o único que pode ser visitado. A cada grupo entregaráselle un mapa situando os puntos onde están cada unha das probas. Os grupos terán que ir por orden, sendo a primeira proba a do seu número de grupo (polo que o grupo 1 comezará pola proba 1, o grupo 2 pola proba 2, e así sucesivamente). Unha vez teñan encontrado a súa proba terá que atender ao que nesa proba se lle require. Unha vez feitas as 8 probas o primeiro que chegue e teña a súa ficha cuberta (ver ficha adxunta) será o grupo gañador.</p> <p>Unha vez terminado o xogo os participantes realizarán unha historia en forma de conto, onde expresan todo o acontecido durante o día no pazo de Santa Cruz.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Un dos lugares a onde antes chegaron as camelias foron aos pazos. Posiblemente porque os señores dos pazos terían os contactos e o poder económico necesarios para poder adquirilas, antes que o resto da poboación. A importancia desta actividade radica en que os pazos foron un dos impulsores do cultivo de camelia nos concellos e sobre todo no concello de Vedra pola numerosa cantidade de pazos que existe.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e respetala colección de camelias existente no pazo de Santa Cruz de Ribadulla. • Observa-las súas particularidades dentro da vida do pazo. • Descubri-la relación, baseada no pasado pero que continua no presente, da poboación vedrense coa camelia. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade levarase a cabo no Pazo de Santa Cruz de Ribadulla. Entre o desprazamento e a realización do xogo de orientación terá unha duración aproximada dunha mañá ou dunha tarde. (aprox. 4 ou 5 horas)</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |

| | |
|-------------------------------|--|
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Material necesario para as probas: <ul style="list-style-type: none"> • Follas en branco • Follas cunha camelia debuxada no centro. • Quebracabezas. • Adiviña. • As probas e 8 sobres. • 8 mapas de Santa Cruz de Ribadulla cos puntos sinalados. • Brúxulas. • Fichas de recollida de datos. |
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Esta actividade, pola súa elaboración, avaliarase mediante a análise da recollida dos datos, centrándose nos seguintes aspectos: a redacción e a ortografía, o tipo de datos obtidos e a resposta das probas e a relación que os posibles contidos teñen cos participantes. Na historia-conto analizarase a estrutura da historia: encabezamento, nó e desenlace e a orixinalidade e creatividade á hora de facelo.</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Recomendamos que os dinamizadores/as ou mestres/as coñezan o máximo posible o percorrido que van facer os participantes por se acontecese algunha cousa.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>Sabías que aínda que o Concello de Vedra é un dos lugares onde os pazos teñen as camelias máis antigas, non é o único; e crese que a camelia máis antiga de Galicia atópase no Pazo de Oca no Concello de A Estrada. Esta camelia mide 15 metros de altura. En Galicia tamén temos a maior plantación de camelias de Europa, no Pazo Torre de Lama en San Cristovo de Ribeiras do Sor (Mañón. Pontevedra) onde existen 400 variedades coleccionadas.</i></p> |

Ficha 9A *A camelia ...Flor de pazos*

O Pazo de Vista Alegre e o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla son dous pazos do concello de Vedra que posúen camelias centenarias. Observa as fotografías e compáraas. Que diferenzas atopas?



Camelia no Pazo de Vista Alegre



Camelia no Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

Cal cres que é mais antiga? _____

Investiga como podemos saber a idade dunha árbore: _____

Ficha 9B A camelia...Flor de pazos

1ª Proba (situada na Escultura do xardineiro)

- Investiga por que existe unha figura como esta na metade do xardín. Quen podía ser esa persoa?
- Inventade unha cantiga na que apareza reflectida a función que tiña esta persoa.
- *A seguinte pista está na camelia con máis anos do Pazo*

2ª Proba (situada na Camelia centenaria)

- Estadades fronte a unha das plantas de camelia mais antigas de Galicia. Cántos anos credes que ten?
- Procurade outras plantas, neste xardín, que teñan tantos anos ou mais que esta camelia. (Podedes preguntarlle ós mestres ou dinamizadores da proba). Escribide o seu nome .
- *A seguinte pista está no lugar polo que entrou a camelia.*

3ª Proba (situada na entrada do pazo)

- Existen moitas dúbidas ó redor da entrada da camelia en España. Pero sabedes?: Neste pazo entrou unha das primeiras camelias de España.
- ¿Poderíanos dicir que necesitamos para plantar as plantas de camelia?
- *A seguinte pista está nunha das fontes máis mitolóxicas do pazo*

4ª Proba (situada na Fonte da Coca)


- Esta fonte está relacionada cun ser mitolóxico da cultura galega. A COCA. Como sabedes os seres mitolóxicos en parte son verdade e en parte son mentira.
- Agora tócvos a vós:

Deixade voar a vosa imaxinación e facede unha pequena historieta en forma de lenda tendo coma protagonista a camelia e esta fonte tan singular. (Ambas poden cobrar vida).

- *A seguinte pista está nun dos paseos máis románticos da zona.*

5ª Proba: (no paseo das Oliveiras)

- As oliveiras deste pazo teñen centos de anos ¿Cantos anos credes que teñen?
- Pois ben, resolve a adiviña do código morse e conseguiredes os anos que teñen estas oliveiras e os anos que ten a camelia centenaria deste pazo.



| | | | | | |
|--------|----------|----------|---------|-----------|-------------|
| A.- | G - - . | M - - | S ... | Z- - .. | 6 - |
| B-.. | H... | N-. | T - | 1.- - - - | 7- - ... |
| C -.-. | I .. | O - - - | U .. - | 2.. - - - | 8- - - .. |
| D-.. | J. - - - | P. - - . | V ... - | 3 ... - - | 9- - - . |
| E..-.. | K - . - | Q - -. - | W.- - | 4...- | 0 - - - - - |
| F..-. | L .-.. | R.-. | X -.- | 5..... | |


- A seguinte pista está nunha árbore chamada OMBÚ

6ª Proba (Na árbore do OMBÚ)

- O ombú, coma a camelia, é unha árbore que ven doutro país. Como podes observar existen moitas árbores de diferentes países dentro do pazo. O ombú provén de Perú pero a camelia de onde provén?
- Os nomes das plantas póñense en referencia ao seu descubrimento ou a aquela persoa que as coidou. Saberías dicir por que se lle chama así a camelia? Inventade agora outro nome para a camelia.
- A seguinte pista está baixo a entrada principal da casa.

7ª Proba (porta principal do pazo)

- Os pazos foron lugares onde apareceron moitos visitantes e persoeiros importantes ó longo dos séculos: escritores, marqueses, reis, políticos... a maioría deles quedaron abraiados da fermosura dos seus xardíns.
- Onde aparece a camelia existen moitas novelas (por exemplo: “A dama das camelias” de Alejandro Dumas) e poesías. Resolvede este quebracabezas e atoparedes un anaco dunha obra onde aparecen as camelias, ¿que significado ten aquí a camelia?
- *A seguinte pista está no estanque.*



Recortar polas diferentes liñas para formar un quebracabezas

8ª Proba no estanque



- Se esta é a última proba para vos, ¡PARABÉNS, xa estades rematando!, se é a primeira, ou a segunda, a terceira, a cuarta, a quinta, a sexta ou sétima. ¡ÁNIMO que vos falta pouco!
- A camelia é unha flor moi curiosa, gústalle aparecer moi arraxada en moitos lugares. No Xapón existe unha filosofía e tradición oriental que se chama Ikebana e que consiste en facer arranxos florais coa camelia e con outras flores para ocasións especiais. Tendo como centro do debuxo unha camelia debuxa un arranxo floral.
- *A seguinte pista está no xardín ó lado dun “señor” que axudou a manter isto como agora está..*



Arranxo de Ikebana

Ficha de recollida de datos

| |
|------------------------------|
| 1. Reposta á PRIMEIRA PROBA: |
| 2. Reposta á SEGUNDA PROBA: |
| 3. Reposta á TERCEIRA PROBA: |
| 4. Reposta á CUARTA PROBA: |
| 5. Reposta á QUINTA PROBA: |
| 6. Reposta á SEXTA PROBA: |
| 7. Reposta á SÉTIMA PROBA: |
| 8. Reposta á OITAVA PROBA: |



Puntos de interese

- ① Pazo
- ② Estanque e bóla do mundo
- ③ Estanque redondo
- ④ Invernadoiro de cristal
- ⑤ Muíño
- ⑥ Fervenza
- ⑦ Xardín do Sol
- ⑧ Carreira de oliveiras
- ⑨ Campo agrícola
- ⑩ Fraga
- ⑪ Paseo de buxo
- ⑫ Capela
- ⑬ Paseo das noivas

Agora e despois de rematar a dinámica, realizade un conto, tendo en conta as súas partes, sobre a vosa experiencia no pazo (realizar o traballo en follas a parte)



A camelia ...Flor de festas e exposicións

| | |
|--------------------------------------|---|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Os participantes deberán investigar e dar resposta ás cuestións formuladas na ficha adxunta. Unha vez teñan as fichas feitas, poñeranas en común para poder ter unha visión máis ampla das respostas, estas escribíranse nun pequeno libro que quedará na biblioteca da aula ou do local no que estean a traballar. Entre os participantes deberán buscarlle un nome ao seu novo libro.</p> <p>Na segunda ficha os participantes deberán resolver as cuestións-xogo. Para iso poñeranse por grupos (os axeitados en función do número de participantes) e investigarán na rede as fotografías dos concursos.</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Creemos que a existencia de numerosas exposicións e festas de exaltación da camelia ben merece unha actividade que as recolla. Existen moitas que centran a súa actividade na camelia e que a fan polo sentimento que teñen en común por esa planta.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Conseguir que os participantes cooperen para realizar un traballo en grupo. • Coñecer os lugares onde se desenvolven festas da Camelia para que se poidan facer unha idea da importancia que a comunidade lle concede a esta planta e á súa flor. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade terá unha duración aproximada de entre 2 ou 3 horas nas que os participantes deberán poñer en común e elabora-lo libro da festa da camelia. Non contabilizamos o tempo que os participantes tardan en face-la recollida de información, pero aconsellamos que se lles permita facelo ó longo de dous ou tres días. A segunda parte da actividade aconsellamos que ou se poida facer en común ou se faga individualmente no local ou aula de traballo, terá unha duración de aproximada de 1 hora.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade. Aqueles persoas que axuden a recolle-la información</p> |

| | |
|---------------------------|--|
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Ficha de recollida de datos. • Lapis. • Cartolinas para facer as portadas e a transportada do libro. • Chafas para metelos polos buratos. • Sacaburatos. • Computadores con acceso a internet. |
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Esta actividade, pola súa elaboración, avaliarase mediante a análise exhaustiva da recollida dos datos, centrándose nos seguintes aspectos: a redacción e ortografía, o tipo de datos obtidos e a resposta das probas e a relación cos posibles contidos que teñan os participantes sobre camelia. Na elaboración do libro analizarase principalmente a creatividade das portadas, a orixinalidade da redacción, a síntese dos datos...No xogo observarase e valorarase a participación dos asistentes e a súa colaboración na realización.</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Para esta actividade recomendamos visita-la páxina da Asociación Española da Camelia, na que figuran tódalas festas e exposicións que se celebran en España e Portugal:</p> <p style="text-align: center;">www.camelias.net http://scamelia.efa-dip.org</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>Cada vez existen máis festas da camelia e que son de orixe moi recente. Festas da camelia en Febreiro: A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Vedra; Festa da camelia en Marzo: Lérez, Narón, Salceda de Canselas, o Colexio de Campolongo (Pontevedra), Soutomaior, Celorico de Bastos (Portugal). Festas da camelia en Abril: Mieres-Turón (Asturias), Porto (Portugal), Madrid, Sanxenxo, Vigo e Boiro.</i></p> |

Ficha 10A *A camelia ... Flor de festas e exposicións*

Investiga e dá resposta ás seguintes cuestións:

a. Cantas exposicións e festas da CAMELIA existen entre España e Portugal? Cómo se chaman?

b. Existen algunhas diferenzas entre elas? cales son?

c. Existe Festa da Camelia en Vedra? Cal é o seu nome? Explica o seu significado.

c.1. Investigamos ese nome. A festa da camelia en Vedra, ¿é unha festa?, ¿é un concurso?, ¿é unha exposición?, ¿é unha exaltación? ou ¿todo ao mesmo tempo?

c.2. ¿Cómo crees que se dan os premios? ¿A que camelia darías ti un premio na festa?

d. Investiga e pregunta a alguén que participe nas Xornadas arredor da Camelia en Vedra:

1. Quen e como se preparan as flores para a festa?
2. Quen vai de cada parroquia? Teñen algún representante escollido xa para esa función?
3. De onde se recollen as camelias? Quen vai a buscalas?
4. Quen diseña a composición coas camelias para a exposición?
5. En que se inspiran para a súa composición?
6. Porque continúan facéndoo cada ano?
7. Vai moita xente a ver a composición feita polas parroquias?
8. Cal foi a última parroquia gañadora da festa?

Ficha 10B *A camelia... Flor de festas e exposicións*

PROCURA OS LUGARES ONDE SE FAI FESTA DA CAMELIA E LOGO SITÚAOS NO MAPA NO LUGAR CORRESPONDENTE.

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| W | V | X | R | E | P | I | C | A | M | P | O | L | O | N | G | O | F |
| S | I | D | S | U | O | U | E | R | T | U | I | F | B | A | H | O | C |
| A | L | F | A | P | B | T | S | D | F | R | V | A | F | R | I | U | E |
| N | A | R | C | O | R | U | Ñ | A | D | F | D | S | S | O | A | B | P |
| X | R | T | A | R | B | N | M | I | G | E | C | V | B | N | R | Ñ | F |
| E | C | V | V | S | O | T | R | P | C | E | R | I | H | J | D | O | R |
| N | I | C | U | O | I | D | Z | L | K | R | P | G | Ñ | H | E | L | G |
| X | A | E | Ñ | C | R | M | A | X | C | R | T | O | N | L | V | I | O |
| O | S | L | M | M | O | S | O | U | T | O | M | A | I | O | R | I | K |

Sanxenxo
Vilagarcía (de Arousa)
Soutomaior
Salceda de Canselas

Vedra
Colexio Campolongo
Coruña

Narón
Vigo
Boiro

Busca e sitúa estas cidades no mapa de Galicia:



Ver solución na páxina 91



A nosa festa da camelia

| | |
|--------------------------------------|--|
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Nesta actividade os participantes deberán realizar a súa propia festa da camelia.</p> <p>Estes reuniranse, en asemblea, como se foran a comisión de festas, e organizarán a festa. Nesta proporán diferentes actividades. O/a director/a da actividade (mestre/a ou dinamizador/a) poderá formular unha estrutura de grupos que se encargarán de diferentes tarefas nas que aparecerán as seguintes: elaboración do tríptico, organización da decoración do local ou centro onde se realice, organización do concurso de flores, xuíces, organizadores e colaboradores das demais actividades da festa.</p> <p>Unha vez distribuídos os grupos, os participantes poranse a traballar. Os primeiros elaborarán un tríptico ou un panfleto onde expliquen as diferentes actividades que se van realizar; o segundo grupo ocuparase da decoración que será feita por eles para a ocasión; o terceiro grupo organizará o concurso escribindo as súas bases: quen pode participar, de que será o concurso (de debuxo, de traballos manuais, de flores reais...); o cuarto grupo encargarse de impoñer as normas que decidirán o gañador ou gañadores do concurso e farán con barro os premios que se lles darán; o quinto grupo organizarán actividades de xogos sobre a camelia (ver xogo da camelia incorporado a este material), xogos tradicionais, lecturas das poesías feitas nas que apareza a camelia...</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Consideramos que sendo unha festa tan importante no concello como son as “Xornadas Arredor da Camelia”, os nenos tamén deberían gozar da súa propia festa sobre a camelia e comezar a collerlle agarimo e comezar a respetala</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Conseguir que os participantes mostren interese pola festa da camelia. • Lograr que os participantes organicen a súa propia festa. • Adquirir conciencia do que implica organizar unha festa. |
| <p>TEMPORALIZACIÓN</p> | <p>Esta actividade durará aproximadamente unha semana, xa que os participantes organizarán e planificarán a festa da camelia. A festa terá unha duración de tres días na que os traballos do concurso estarán expostos no local ou na escola.</p> |

| | |
|--------------------|---|
| RECURSOS HUMANOS | O mestre/a ou dinamizador/a da actividade. |
| RECURSOS MATERIAIS | <ul style="list-style-type: none"> • Material para a decoración do centro ou local: <ul style="list-style-type: none"> • Cartolinas • Cola, fixo e tesoiras. • Papel celofán, papel crepê, papel de seda... • Fío • Follas • Lapis, rotuladores, pinturas... • Material para os xuíces: <ul style="list-style-type: none"> • Barro • Follas • Lapis, rotuladores, pinturas... • Material para os elaboradores do tríptico/panfleto: <ul style="list-style-type: none"> • Follas • Lapis, rotuladores, pinturas... • Material para os organizadores - colaboradores: <ul style="list-style-type: none"> • Follas • Lapis, rotuladores, pinturas... • Material para os xogos que organicen • Computadores para buscar... |
| AVALIACIÓN | <p>Esta actividade avaliarase mediante a observación e o análise das actitudes dos integrantes de cada grupo. Destes analizarase: a participación, a cooperación, a colaboración no traballo, a metodoloxía de traballo, o compartir o material, etcétera.... Por outro lado porase unha especie de mural no medio do local onde os asistentes escribirán unha frase ou unha explicación do que lles pareceu a festa, do que sentiron...</p> |
| RECOMENDACIÓNS | <p>Recomendamos facer esta actividade preto das “Xornadas Arredor da Camelia” e no mes de febreiro, xa que é a mellor época para as camelias, e porque así os participantes están máis motivados para asistir á festa celebrada pola Asociación de Amigos da Camelia do Val do Ulla.</p> |
| SABÍAS QUE ? | <p><i>Existen outros concursos organizados por escolas dentro de Galicia. Por exemplo en Pontevedra o Colexio de Campolongo que realiza o seu concurso dende hai moitos anos.</i></p> |

| | |
|---|--|
|  | <h3>A camelia na poesía</h3> |
| <p>DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</p> | <p>Introducírase esta actividade cunha dinámica sobre a poesía: nesta os participantes escribirán un poema colectivo sobre a camelia. Divídense os participantes en diferentes grupos de non máis de 5 membros e entrégaselles unha folla e lapis. O primeiro participante escribirá as dúas primeiras liñas do poema e dobrará a folla e deixará que se poida ler a segunda liña que escribiu. O seguinte lerá esta última liña e fará dúas liñas que rimen, dobrará a folla e pasaralla ó seguinte. Os demais farán o mesmo. Unha vez teñan todos rematado o poema leranse en voz alta para que os escoiten tódolos demais participantes.</p> <p>Unha vez terminada a primeira parte farán unha serie de pareados sobre a camelia e os sentimentos que lles producen e escribiranos nun cartazo colado na parede.</p> <p>Na última parte os participantes resolverán as actividades sobre as poesías escritas na ficha adxunta .</p> |
| <p>XUSTIFICACIÓN</p> | <p>Mediante diferentes poesías os participantes poderán atopar os elementos que a compoñen, os sentimentos que transmiten, así como practicar elementos da lingua e da literatura.</p> |
| <p>OBXECTIVOS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Observar mediante a poesía, os diferentes aspectos da camelia. • Coñecer outra forma de expresar os seus sentimentos que pode inspirar a camelia nas persoas. • Aprender a facer poesía. |
| <p>TEMPORALIZACION</p> | <p>Esta actividade terá unha duración aproximada de 1 hora ou hora e media e realizarase na aula ou local onde se desenvolven as actividades que se realizan no interior.</p> |
| <p>RECURSOS HUMANOS</p> | <p>O mestre/a ou dinamizador/a da actividade.</p> |
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Cartazo. • Cola, fixo e tesoiras. • Follas. • Ficha adxunta • Lapis, rotuladores, pinturas... |

| | |
|-----------------------|---|
| <p>AVALIACIÓN</p> | <p>Desta actividade avaliaremos a capacidade de escritura, a capacidade de comprensión lectora, a rima, a capacidade imaxinativa e artística, a forma de escritura... Por outro lado comprobarase a capacidade de organización do traballo, a relación que ten ca temática, a forma de traballo...</p> |
| <p>RECOMENDACIÓNS</p> | <p>Recomendamos facer esta actividade na materia de Lingua, xa que é un bo recurso para falar da poesía.</p> |
| <p>SABÍAS QUE ?</p> | <p><i>Existen moitas persoas que plasman os seus sentimentos polo que lles transmiten as camelias en poesías. Moitos escritores galegos como Rosalía de Castro ou Luz Pozo Garza nomean a Camelia como un elemento moi importante da vida de Galicia e polo tanto un elemento que recordan con cariño porque estaban fóra da súa terra.</i></p> |

Ficha 11 *A camelia na poesía*

LE E RESPONDE AS PREGUNTAS

La camelia

*El día que su amante perdió,
¡tanto lloró!
Que en el vértice de su corazón,
una camelia floreció.
Delicada flor, que con sus lágrimas regó.
Cuando el llanto arreciaba,
recordando a su perdido amor.
Por cada lágrima que sus ojos alcanzaba,
delatando el torrente de su interior,
un pétalo caía, hasta el fondo de su corazón,
hasta que un mullido lecho,
de táctil fantasía, y azul melancolía,
hecho con esencia de frágil flor.
Su hermosa alma, delicadamente envolvió,
Y flor de camelia, se volvió.*

María Eugenia.

A) Lee e contesta.

1. Le o poema e explica brevemente o que quere dicir.
2. Conta as sílabas de cada verso.
3. Enumera os diferentes adxectivos que existen no poema e escríbeos. Fai un caligrama en forma de flor cos adxectivos que aparecen no poema. (Un caligrama é un debuxo feito con palabras)
4. Busca palabras no texto que soen parecido.
5. Sinala os diferentes verbos e di se están en presente, pasado ou futuro.
6. ¿Que acontece no poema?
7. ¿Que acontece ó final do poema?

B) Agora fai a túa propia poesía sobre a camelia.

Solucións

Páx. 40

Encrucillado:

HORIZONTAL:

1. Nome en Xaponés da Camelia. (Tsubaki)
2. Quen descubriu o traballo de Kamel? (Linneo)
3. En 1830 aparecen 3 focos de expansión da Camelia: EE. UU, Nova Zelandia e (Australia).
4. Que tipo de camelia produce aceite, (Sinensis)?
5. Cómo se chama a arbore das Camelias? (Camelia)
6. A primeira provincia de Galicia que cultivou camelias (Pontevedra)

VERTICAL:

1. Primeira aplicación da Camelia (Té)
2. Nome do descubridor das Camelias (Kamel)
3. En 1804 a Sociedade Horticultora, de que país enviou recolectores de Camelia a China? (Londres)
4. De onde proceden os primeiros exemplares que chegan a Galicia? (Portugal)
5. A Camelia é de folia... (perenne)
6. Concello galego que ten grande fama polas súas camelias (Vedra).
7. A camelia en china pasou a ter dúas aplicacións máis. Co seu talo facíase carbón natural e coas follas (aceite)
8. País do que proceden as camelias (China)

Páx. 42

Ver “partes da camelia” na páx. 11 do material de consulta e lectura

Páx 47:



Páx. 48. Adiviñas:

| | | | |
|---|---|--|--|
| <p>“Estraga e non ten mans, corre e non ten pes, asubía e non ten boca, ¿que che parece que é?”</p> | <p>“Chámanme rei e non teño reino; din que son roxo e non teño pelo; pensan que ando e non me movo; reloxo arranxo sen ser reloxeiro”</p> | <p>“¿Quen é, quen non é?, que está no xardín, sen ela as plantas non poden vivir ”</p> | <p>“Corre sen pernas salta sen pés cae con forza e as veces non a ves”</p> |
| 1. VENTO | 2. SOL | 3. TERRA | 4. AUGA/CHUVIA |

Páx. 51 e 52:

EMPARELLA AS FRASES COS DEBUXOS

- 4 A
- 3 B
- 1 C
- 2 D

Páx 79. Resolve a sopa de letras.

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| W | V | X | R | E | P | I | C | A | M | P | O | L | O | N | G | O | F |
| S | I | D | S | U | O | U | E | R | T | U | I | F | B | A | H | O | C |
| A | L | F | A | P | B | T | S | D | F | R | V | A | F | R | I | U | E |
| N | A | R | C | O | R | U | Ñ | A | D | F | D | S | S | O | A | B | P |
| X | R | T | A | R | B | N | M | I | G | E | C | V | B | N | R | Ñ | F |
| E | C | V | V | S | O | T | R | P | C | E | R | I | H | J | D | O | R |
| N | I | C | U | O | I | D | Z | L | K | R | P | G | Ñ | H | E | L | G |
| X | A | E | Ñ | C | R | M | A | X | C | R | T | O | N | L | V | I | O |
| O | S | L | M | M | O | S | O | U | T | O | M | A | I | O | R | I | K |

Bibliografía

Libros

- Asaja Galicia. (2001). *Manual para el Cultivo de la Camelia*. Vedra: Asociación de Amigos da Camelia Val do Ulla.
- Ayako, S; Novoneyra, U. (1995). *Camelio Xaponés*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago de Compostela.
- Cunqueiro, A. (2001). *La camelia*. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- Fernández de Ana Magán, F. J e Mansilla Vázquez, J.P; (1982). *Patología de la camelia en Galicia*. Deputación Provincial de Pontevedra, Sección de Cultura. Pontevedra
- Gimson R. (1986). *La camelia reticulata en Galicia*. Recopilación de traballos sobre a camelia. Deputación Provincial de Pontevedra. P. 67-76
- Lema Gesto, M^a J. (2001). *Criterios generales para el cultivo de la camelia*. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.p.69-86
- Martínez-Conde, R. (1993). *Orballo nas Camelias*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Odriozola, A. (1986). *Lo que conviene saber sobre la camelia*. Recopilación de traballos sobre a camelia. Deputación Provincial de Pontevedra.
- Rodríguez Rodríguez, J. (1996). *A Apicultura na Escola*. Santiago. Xunta de Galicia. Tórculo.
- Salinero Casal, C. e Vela Fernández, P. (2004). *La camelia*. Pontevedra: Excma. Diputación de Pontevedra.
- Sanmartín Bienzobás, L.A. (1984). *Regeneración de las plantas de Camelia japónica L mediante cultivo in Vitro*. USC Santiago de Compostela.
- Suárez Lorente, José María (1927). *Camelia*. Centro de Galicia en Madrid. Madrid
- VV.AA. (1986). *Pequeña cronología de Kamel y la camelia hasta 1800* Recopilación de traballos sobre la camelia Deputación Provincial de Pontevedra.
- Vilches Arenas J., Rendón Vega J. L., ET rajben (2002). *Unidad Didáctica: Las plantas y las personas*. Consejería de Medio Ambiente. Junta de Medio Ambiente. Madrid.

Artigos de revistas

Asociación Española de la Camelia (2006). *La camelia*. Madrid: Sociedad Española de la Camelia.

Raña Lama, R. (2000). Invernía da camelia, espello tráxico. *Boletín galego de literatura* nº 24 (2º semestre) p.222

Vicente Sotelo A. (1994). Unidad didáctica: Las plantas. *Aula de Innovación Educativa*, nº 33 p. 65-69

Páxinas web consultadas

<http://www.concellodevedra.org>

<http://www.ojodigital.net>

<http://www.matton.es/imágenes>.

<http://es.wikipedia.org/wiki/camellia>

<http://www.fuenterebollo.com/árboles/camelias.htm>

<http://www.abejas.org>

<http://www.botanical-online.com>

<http://scamelia.efa-dip.org/index.htm>

<http://www.educared.net>

<http://www.uhu.es/cin.educacion/cineyeducacion>

<http://www.dip-palencia.es/colegios/bib/cuadernodeorientación.pdf>

<http://tiradelhilo.dip-palencia.es/html/biblio.asp>

http://www.juntadeandalucía.es/medioambiente/contenidoExterno/Pub_aula_verde

<http://www.sedl.org/scimath/pasopartners/pdfs/tplants.pdf>

<http://www.pentaedro.com/webcontrol/pentaedro.php?c=323>

<http://www.shiseido.co.jp/h/h0101kor/html/kor05200.htm>

<http://www.rjb.csic.es/fichaplanta.php?idplanta=45000>

<http://www.camelias.net/textesp.htm>

<http://www.consumer.es/web/es/bricolaje/jardin/2002/04/16/41555.php>

